

MEM



CEIP Juana de Vega

Claustro: Informada positivamente o 28/06/23

Consello Escolar: Informada positivamente o 29/03/23

1. Introducción.....	9
2. Consecución dos obxectivos do centro e concreción anual do PEC.	10
3. Departamento de Orientación	11
3.1. Introducción e contextualización	11
3.2. Organización e funcionamento.....	12
3.3. Actuacións profesorado PT e AL.....	12
3.4. Actividades realizadas	13
3.5. Grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación.	18
3.6. Propostas concretas de mellora.....	19
ANEXOS: MEMORIAS PROFESORADO ESPECIALISTA DE PT, AL E ILS.	21
MEMORIA DAS ESPECIALISTAS DE AL E PT.....	21
4. Órganos de goberno, a súa participación e coordinación	28
4.1. O Equipo responsable	28
4.2. O Consello Escolar	28
4.3. O Claustro de profesores	28
5. Cadros de organización pedagóxica.....	29
5.1. Xefaturas de departamento	29
5.2. Equipos de ciclo.....	29
5.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica	29
5.4. Equipo de Dinamización da Lingua Galega	29
5.5. Equipo de actividades complementarias e extraescolares	29
5.6. Equipo de dinamización de biblioteca	30
5.7. Equipo de dinamización de TICs.....	30
5.8. Outros.	30
6. Plan de actuación dos órganos colexiados.....	31

6.1. Consello Escolar.....	31
6.2. Claustro de profesores	31
7. Plan de actuación do Equipo Responsable	33
8. Xornada escolar e horario do centro.....	35
9. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa.	36
10. Addenda do proxecto lingüístico	37
11. Horario de atención ao público	38
12. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coas familias.	39
13. Plan de utilización das instalacións do centro.	40
14. Plan xeral de avaliación do centro	41
15. Memoria do Equipo de dinamización de TICs.	42
15.1. Contextualización	42
15.2. Avaliación xeral.....	42
Obxectivos acadados.....	42
Obxectivos que quedaron pendentes:.....	43
Previsión vindeiro curso e propostas de mellora.....	43
16. Memoria do equipo de dinamización da biblioteca escolar.	44
16.1. Equipo de biblioteca	44
16.2. Introducción	44
16.3. Resumo de accións	44
16.4. Consecución de obxectivos.....	44
16.5. Liñas prioritarias 23-24	46
17. Memoria do Equipo de Dinamización de Lingua Galega.....	48
17.1. Introducción	48
17.2. Consecución dos obxectivos	48

17.3. Avaliación das actividades	49
17.4. Actividades de normalización lingüística promovidas e financiadas polo concello.....	53
17.5. Outros recursos aportados ao profesorado	54
17.6. Avaliación e propostas de mellora	55
18. Memoria do Equipo de Actividades extraescolares e complementarias.	57
18.1. Contextualización	57
18.2. Obxectivos	57
18.3. Actividades realizadas en educación infantil.....	58
18.4. Actividades realizadas en educación primaria	59
18.5. Conmemoracións e festas.....	60
18.6. Outras actividades.....	60
18.7. Avaliación	61
18.8. Propostas de mellora.....	61
19. Memoria do Equipo de dinamización de convivencia.....	62
19.1. Compoñentes	62
19.2. Obxectivo.....	62
19.3. Conmemoracións e actividades realizadas.....	62
19.4. Valoración das actividades realizadas	63
19.5. Propostas de mellora.....	63
19.6. Anexos.....	64
ANEXO I.....	64
ANEXO II.....	64
ANEXO III.....	65
ANEXO IV	65
20. Memoria do Equipo de Educación Infantil	66
20.1. Compoñentes	66

20.2. Grao de consecución dos obxectivos.....	66
20.3. Principais problemas detectados.	70
20.4. Propostas de mellora.....	71
21. Memoria do Equipo do 1º ciclo de Educación Primaria.....	73
21.1. Profesorado	73
21.2. Contextualización:	73
21.3. Desenvolvemento da programación:.....	74
21.4. Metodoloxía e medios	74
21.5. Plan de acción tutorial	77
21.6. Implicación do curso nos diferentes plans do centro:	78
21.7. Avaliación	80
21.8. Valoración final	80
https://www.canva.com/design/DAFhyUwjD68/wqGADh02-HYC5QkjL3-Tvg/edit	81
21.9. Proposta de mellora	81
22. Memoria do Equipo do 2º ciclo de Educación Primaria.....	82
22.1. Profesorado	82
22.2. Contextualización	82
22.3. Desenvolvemento da programación.....	82
22.4. Metodoloxía e medios	83
22.5. Plan de acción tutorial	83
22.6. Implicación do curso nos diferentes plans do centro:	83
22.7. Actividades do segundo ciclo. Excursión fin de curso.	84
22.8. Avaliación	85
22.9. Valoración final	87
22.10. Proposta de mellora	87
23. Memoria do Equipo do 3º ciclo de Educación Primaria.....	89

23.1. Contextualización	89
23.2. Profesorado que impartiu no grupo.....	89
23.3. Metodoloxía	90
23.4. Plan de acción titorial	90
23.5. Desenvolvemento da programación.....	91
23.6. Avaliación xeral do nivel	91
23.7. Dificultades atopadas	94
23.8. Implicación do ciclo nos plans do centro.....	94
23.8. Propostas de mellora.....	95
24. Memoria de Educación Física.....	96
24.1. Educación física 1º ciclo: César Cofán Labrador.....	96
Introdución	96
Aspectos didáctico – pedagóxicos.....	96
Metodoloxía.....	97
Avaliación	98
Necesidades das instalacións e materiais deportivos.....	99
Actividades complementarias e extraescolares.	100
Valoración final.....	100
25.2. Educación Física 2º e 3º ciclo: David Rico Vidal.....	100
Introdución	100
Aspectos didácticos	101
Metodoloxía.....	101
Avaliación	102
Instalacións e material	102
Actividades complementarias e extraescolares.	103
25. Memoria de Lingua estranxeira.....	104
25.1. Contextualización	104

25.2. Desenvolvemento da programación.....	104
25.3. Consecución dos obxectivos propostos	104
25.4. Metodoloxía e medios	105
25.5. Implicación da materia nos diferentes plans do centro	106
25.6. Propostas de mellora.....	107
26. Memoria de Educación Musical	109
26.1. Docente(s) ao cargo da área:.....	109
26.2. Contexto xeral.....	109
Alumnado	109
26.3. Metodoloxía e medios	109
26.4. Desenvolvemento da programación:	110
26.5. Avaliación.....	110
Aspectos máis salientables.....	110
26.6. Dificultades atopadas	111
26.7. Propostas esenciais ao vindeiro curso.....	111
27. Memoria Relixión Católica	113
27.1. Alumnado.....	113
27.2. Desenvolvemento da programación.....	113
27.3. Metodoloxía e medios	113
27.4. Avaliación	114
28. Memoria ANPA.....	115
28.1. Asociación.....	115
Cargos de Representación da ANPA no curso 2022-2023.....	115
Comunicación e Difusión da actividade da ANPA Curso 2022/2023	116
28.2. Comedor, mañanceiros e servizo de cambiadores.....	117
28.3. Actividades extracolexiais.....	117

Actividades extraescolares do curso 2022/2023	Error!	Marcador	no
definido.			
28.4. Actividades xestionadas pola anpa con carácter puntual			118
ANEXO: AVALIACIÓN EQUIPO RESPONSABLE			121
Avaliación xestión do centro I			121
Avaliación da xestión do centro II			123
Avaliación da xestión do centro III			125
Avaliación da xestión do centro IV			125
Avaliación da xestión do centro V			127
Avaliación a nivel ético e social I			129
Avaliación ética e social II			131
Avaliación ética e social III			133
Avaliación ética e social IV			135
Avaliación ética e social V			138
Avaliación ética e social VI			139
Avaliación ética e social VII			140
Avaliación a nivel organizativo I			141
Avaliación a nivel organizativo II			144
Avaliación a nivel organizativo III			146
Avaliación a nivel de implicación dos sectores da comunidade educativa I			148
Avaliación a nivel de implicación dos sectores da comunidade educativa II			149
Avaliación a nivel de implicación dos sectores da comunidade educativa III			151

1. Introducción

Este documento pretende ser unha reflexión pormenorizada de todo o acontecido ao longo do curso, recollendo todos aqueles aspectos que axudaron a acadar os obxectivos plantexados inicialmente na PXA do centro, e aqueles aspectos que, por diferentes circunstancias, non se puideron lograr.

Finalmente, pretende ser o punto de partida da Programación Xeral Anual para o vindeiro curso.

Queremos poñer moita énfase en todo aquilo que quedou por realizar e este será o noso primeiro obxectivo a abordar de cara ao curso 2022-2023.

Teremos en conta os resultados que se recollan nos distintos formularios de avaliación facilitados a toda a comunidade educativa co fin de seguir na mesma liña naqueles aspectos que sexan valorados positivamente, e introducindo os cambios necesarios para superar satisfactoriamente os aspectos negativos.

2. Consecución dos obxectivos do centro e concreción anual do PEC.

A **Programación Xeral Anual** foi aprobada polo Claustro o 29 de setembro de 2022 e aprobada polo Consello Escolar do Centro en sesión celebrada o 05 de outubro de 2022.

Intentóuse incluír propostas dos diferentes membros da comunidade educativa, sempre tendo en conta as posibilidades reais de levalas a cabo.

Ao longo de este curso se actualizaron os seguintes documentos:

1. Normas de organización e funcionamento (NOF):
2. Plan de transporte 22/23
3. Plan dixital.
4. Plan Estratéxico de Mellora.

Inci

Inciouse a elaboración da concreción curricular de Educación Primaria e aprobouse a inclusión dunha metodoloxía baseada en ámbitos para toda a etapa educativa.

Empregouse a aplicación PROENS para a elaboración e o seguimento das programacións dos niveis 1º, 3º e 5º baseados na nova lei LOMLOE.

3. Departamento de Orientación

3.1. Introducción e contextualización

O Departamento de Orientación (DO) do CEIP Juana de Vega contou este curso como profesorado de apoio dúas especialistas de PT e dúas AL a tempo completo e unha PT e unha AL compartidas, todas de carácter provisionais agás unha AL con destino definitivo no centro. As especialistas tiveron durante todo o curso o seu horario lectivo completo con docencia directa a ANEAE, agás unha sesión de liberación horaria por ter gardas de transporte.

Tamén contamos na atención á diversidade do alumnado coa colaboración de dúas PAC (Persoal Auxiliar Coidador), unha a tempo completo, e outra os xoves e os venres; unha mediadora en comunicación a través da ONCE os luns de 9:00 a 11:30 e os venres de 9:00 a 12:30 e unha intérprete de lingua de signos que realizou a súa intervención en 3º EP os xoves e venres a tempo completo.

Por outra parte, o centro participa no Contrato programa CPInlúe que foi coordinado desde o DO realizando diversas actividades de sensibilización ao longo do curso.

Este curso foi especialmente complicado para poder realizar unha atención á diversidade axeitada polos seguintes motivos:

- Numero insuficiente de especialistas de PT y AL quedando moito alumnado sen atender por falta de dispoñibilidade horaria. Aínda poñendo isto en coñecemento do claustro algúns mestres esixían reiteradamente mais horas de apoio sendo imposible por falta de recursos e de dispoñibilidade horaria.
- Necesidade de valorar a figura de PT e AL como un recurso extraordinario, tal e como ven recollido na *Orde 8 setembro 2021. O reforzo educativo ten que realizalo o titor/a ou profesorado con dispoñibilidade horaria.*
- Aumento do ANEAE e do ANEE no centro.
- As ausencias do PAC foron cubertas por parte do persoal do DO, perxudicando así ao desenvolvemento do horario habitual co alumnado.
- Privouse da hora de coordinación do DO, sendo necesaria e imprescindible e tendo que facelas no horario de recreo.
- Otorgación de responsabilidades ás especialistas de PT e AL que non lles corresponden tal e como se recollen no *artigo 57 da Orde do 8 de setembro*

de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3.2. Organización e funcionamento.

O Departamento de Orientación do CEIP Juana de Vega, constituído na primeira reunión celebrada o 10 de outubro de 2022, estivo formado polas seguintes persoas:

Gema Vázquez, coordinadora de E.I.

Magdalena Alonso, coordinadora de 1º ciclo.

Cristina Bello, coordinadora de 2º EP.

María Regueira, coordinadora de 3º EP.

Florencia Carmona, Nerea Garcia e Melisa Rodriguez, especialistas en PT .

Teresa Fuciños, Lorena Méndez e Teresa Pérez, especialistas en AL.

Giovanna Fernández, orientadora.

As reunións do DO planificáronse para realizarse o segundo luns de cada mes as 17:45.

3.3. Actuacións profesorado PT e AL

Recollemos a continuación o alumnado atendido polo profesorado de apoio.

Audición e linguaxe

Educación Infantil		
4º E.I	5º E.I	6º E.I
1	7	10

Educación Primaria					
1º E.P	2º E.P	3º E.P	4º E.P	5º E.P	6º E.P
23	8	5	3	1	

Pedagogía terapéutica

Educación Infantil		
4º E.I	5º E.I	6º E.I
2	3	4

Educación Primaria					
1º E.P	2º E.P	3º E.P	4º E.P	5º E.P	6º E.P
3	7	7	10	6	4

3.4. Actividades realizadas

Resumimos as actividades realizadas durante este curso polo Departamento de Orientación, distribuídas por trimestres:

1º Trimestre

Con relación ao alumnado

- Avaliacións do alumnado de nova incorporación.
- Valoración do alumnado e elaboración de informes para remitir ao servizo de saúde.
- Avaliacións psicopedagóxicas do alumnado solicitado.
- Solicitar atención domiciliaria para unha alumna de infantil.
- Seguimento do ANEAE.
- Organización da atención a ANEAE en colaboración co profesorado de apoio e titor. Elaboración de horarios.
- Colaboración na organización da acollida alumnado 3 anos E.I.
- Colaboración na elaboración dos programas de reforzo para o alumnado de R.E, especialmente o que atende o profesorado de apoio.

- Avaliación inicial do alumnado de novo ingreso.
- Elaboración e revisión de ACS.
- Elaboración informes para solicitudes de bolsas do MEC para ANEAE.
- Avaliación do alumnado de E.I. (4 e 5 anos) e E.P. con dificultades na linguaxe oral.
- Realización da proba colectiva (BADyG) ao alumnado de 3º de EP.
- Proposta alumnado para PRAEMO.
- Seguimento alumnado non acudía ao centro por problemas familiares e/ou de saúde.
- Coordinación coa intérprete da Xunta que atendía a un alumno de 3º de EP.
- Sensibilizacións: ONCE (EI), Down-Coruña (1ºciclo de EP), Plan Director (3º Ciclo de EP).
- Elaboración de informe escolar solicitado polo servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para un alumno de Educación Infantil.

Con relación ao profesorado:

- Realización de reunións informativas e de coordinación iniciais.
- Asesoramento na realización, seguimento e avaliación das ACS.
- Colaboración co profesorado que atende a ANEAE: programación, selección de material...
- Adquisición de material bibliográfico.
- Colaboración no desenvolvemento das actividades de titoría e atención á diversidade.
- Invitación a participar no curso levado a cabo polo CEE Nosa Señora do Rosario sobre a Linguaxe Natural Asistida.
- Realización de sociogramas en todos os cursos de EP.
- Entrega recursos estimulación linguaxe.
- Proposta actividades para conmemorar o 25 de Nov (Día contra violencia xénero), día 3 de Dec (Día das persoas con discapacidade) en colaboración co Equipo de Convivencia e Actividades Extraescolares.

Con relación ás familias:

- Entrevistas persoais (recollida de información, solicitude de autorización intervención, información resultados e medidas a adoptar).
- Asesoramento verbal e escrito sobre a ACS ou programa de reforzo dos seus fillos/as.
- Atención puntual ás familias que o solicitaron.
- Envío folleto importancia estimulación linguaxe para familias EI e alumnado que recibe atención da especialista de AL.
- Coordinación coa ANPA para a realización de contos inclusivos.
- Solicitude de valoración por parte das familias.

Outros:

- Concreción do Plan de Orientación.
- Proxecto Inclúe-T.
- Elaboración novo PXAD.
- Solicitude intervención do EOE para varios alumnos/as (solicitude de cuidadora, renovar solicitudes de intervención de tres alumnos con AACC, solicitude de cambio de modalidade de escolarización de dous alumnos).
- Programa de mediación e Programa + Igualdade do concello de Oleiros.
- Coordinación con outros servizos externos que atenden a ANEAE.
- Establecemento de canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das competencias establecidas:
 - EOE.
 - Especialistas do Materno Infantil “Teresa Herrera”, especialmente a USM-IX.
 - Servizos Sociais do Concello
 - CEE ASPANAES, CEE Nosa Sra. do Rosario.
 - Especialistas outras entidades que atenden ANEAE.
 - Concello de Oleiros.
 - Asociación de xordos FAPXG.
 - Diferentes asociacións para levar a cabo as sensibilizacións.

2º Trimestre

Con relación ao alumnado:

- Revisión da organización de atención a ANEAE.
- Valoración do alumnado e elaboración de informes para remitir ao servizo de saúde.
- Modificación dos horarios.
- Elaboración de informes para a renovación do grado de discapacidade.
- Avaliacións psicopedagóxicas do alumnado solicitado.
- Seguimento do ANEAE.
- Avaliacións individualizadas a partir dos resultados das probas colectivas.
- Atención ao Grupo de adquisición de linguas.
- Sensibilizacións: ASPERGA (2º Ciclo de EP), Programa de Mediación de Conflictos (3º Ciclo de EP), ACOUGO (3º Ciclo de EP).

Con relación ó profesorado:

- Asesoramento no seguimento e avaliación das ACS.
- Colaboración co profesorado que atende a ANEAE.
- Adquisición de material.
- Colaboración no desenvolvemento do PAT.:
 - Proposta de actividades e recursos sobre os perigos de Internet.
 - Recursos para E. Paz, 8 M.

Con relación ás familias:

- Atención ás familias con ANEAE.
- Atención puntual ás familias que o solicitaron.
- Entrevistas persoais (familias alumnado avaliado).
- Solicitud de valoración por parte das familias.

Outros:

- Establecemento de canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das competencias establecidas:
 - EOE.
 - CEE ASPANAES, CEE Nosa Sra. do Rosario.
 - DO IES Miraflores.

- Especialistas do Materno Infantil “Teresa Herrera” que atenden a ANEAE do centro, especialmente a USM-IX.
- Servizos Sociais Concello.
- Especialistas outras entidades que atenden ANEAE.
- Coordinación con outros servizos externos que atenden a ANEAE.
- Intervención do EOE (para cinco alumnos).

3º Trimestre

Con relación ó alumnado:

- Avaliacións psicopedagóxicas solicitadas.
- Valoración do alumnado e elaboración de informes para remitir ao servizo de saúde.
- Seguimento do alumnado con NEAE.
- Elaboración de informes para solicitude e renovación do grado de discapacidade e dependencia.
- Seguimento por parte do DO do ANEAE atendido por PT/AL coas especialistas de PT/AL e titorías.
- Seguimento do alumnado solicitado desde as titorías.
- Colaboración na elaboración de programación trimestral alumnado ACS.
- Realización informes fin de primaria.
- Sensibilizacións: xornada convivencia con ASPADISOL, Programa de Mediación de Conflitos, Programa afectivo-sexual e Programa de Igualdade (3º Ciclo de EP)
- Atención ao Grupo de adquisición de linguas.

Con relación ó profesorado:

- Colaboración - coordinación co profesorado que atende a ANEAE.
- Coordinación con titorías – profesorado PT/AL – orientador.

Con relación ás familias:

- Atención ás familias con ANEAE .
- Entrevistas finais familias ANEAE.
- Atención ás solicitudes presentadas.

Outros:

- Coordinación co Departamento de Orientación do IES “Miraflores” no Plan de Preparación para a ESO.
 - Establecemento de canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das competencias establecidas:
 - Servizos Sociais do Concello de Oleiros.
 - CEE ASPANAES, CEE Nosa Sra, Rosario.
 - Coordinación con outros servizos externos que atenden a ANEAE.
 - Actualización dun cuestionario de valoración para o profesorado e para as familias, estas últimas por primeira vez participaron na avaliación do funcionamento do DO de forma directa.
- Elaboración da memoria.

3.5. Grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación.

Os obxectivos xerais fixados no Plan de Orientación para este curso foron acadados en distinto grao. As accións principais fixadas a comezos de curso tendo en conta a memoria anterior leváronse adiante todas excepto as que se indican a continuación:

- Houbo intervencións do profesorado especialista de PT nas últimas sesións en EI.
- profesorado PROA+ foi especialista en Primaria.
- Non se levaron a cabo os patios dinámicos.
- Non se levou a cabo o blog do DO.
- A formación de LSE foi un día á semana.
- Non se levaron a cabo a escola de Pais e Nais en coordinación coa AMPA.
- As agrupacións de AL foron demasiado numerosas.
- Xurdiron diversos impedimentos que dificultaron a inclusión dos nenos e nenas NEAE e NEE.

En canto ás intervencións feitas durante este curso, realizáronse 8 informes psicopedagóxicos (1 a petición da familia, 6 das titorías e unha por ambas partes); 6 solicitudes de intervención do EOE. Ademais realizáronse 9 informes de seguimento; 57 avaliacións de linguaxe oral, 6 informes para pediatría para alumnado de E.I, 3 informes de escolarización, 4 informes para servicios médicos para alumnado de EP, un informe para el tutelar de menores, 1 informe para renovación do grao de dependencia, 3 informes para renovación do grao de minusvalía, 3 informes de admisión para o servizo de inspección, 4 informes de alta de AL, colaboración en 7 ACS.

3.6. Propostas concretas de mellora.

Feita a avaliación do funcionamento do Departamento de Orientación durante este curso, fanse as seguintes propostas de mellora:

- Trasladar á dirección do centro a lista de ANEE e ANEAE, para que poida solicitar os apoios das especialistas de PT e AL necesarios para o próximo curso, sendo preciso o seu incremento, tendo en conta as necesidades do centro, ao igual que o Persoal Auxiliar Coidador.
- Solicitar a intervención da ILE máis días no centro.
- Continuar incorporando no DO ao profesorado de PROA+, se é o caso.
- Continuar potenciando a coordinación entre o profesorado que atende ao ANEAE.
- Promover a adopción de metodoloxías acordes co Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).
- Contemplar iniciativas de formación relacionados con metodoloxías inclusivas para atender ao ANEAE como o DUA e outras específicas para as necesidades do alumnado que atende o centro.
- Potenciar os patios dinámicos.
- Manter a colaboración coa FAXPG para as clases de LSE, prevíndoas como mínimo en 4º EP.
- Recoméndase lembrarlle aos especialistas de PT e AL, así como o PAC, especialmente en caso dalgunha modificación nas súas programacións, sobre as actividades lúdicas (como aniversarios, contacontos...), no mesmo día da súa celebración.
- Mellorar a coordinación co profesorado titor/a en relación ao alumnado con

NEAE.

- Se recomenda que ao principio de curso se lle recorde ao profesorado as funcións dos especialistas de PT e AL conforme ao *artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- Facilitar un horario a cada mestre titor/a dos apoios dos especialistas de PT e AL para unha mellor organización das actividades de aula.

ANEXOS: MEMORIAS PROFESORADO ESPECIALISTA DE PT, AL E ILS.**MEMORIA DAS ESPECIALISTAS DE AL E PT.**

1.1. HORARIOS APOIOS DAS ESPECIALISTAS DE P.T E A.L.

1.1.1. HORAS DE APOIO DAS ESPECIALISTAS DE A.L.

TERESA FUCIÑOS

	4º EI		5º EI		6º EI
3	1º EP	2	2º EP	1	3º EP
	4º EP	1	5º EP		6º EP

LORENA MÉNDEZ COIRA

1	4º EI	3	5º EI	2	6º EI
6	1º EP	2	2º EP	4	3º EP
3	4º EP		5º EP		6º EP

TERESA PÉREZ BERMÚDEZ

	4º EI	2	5º EI	4	6º EI
7	1º EP	2	2º EP		3º EP
	4º EP		5º EP		6º EP

1.1.2. HORAS DE APOIO DAS ESPECIALISTAS DE PT.

FLORENCIA CARMONA DEARRIBA

1	4º EI		5º EI		6º EI
---	-------	--	-------	--	-------

3	1º EP	5	2º EP	3	3º EP
	4º EP		5º EP	3	6º EP

NEREA GARCÍA BUGALLO

	4º EI	3	5º EI		6º EI
	1º EP		2º EP	4	3º EP
10	4º EP	6	5º EP		6º EP

MELISA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

	4º EI		5º EI	2	6º EI
1	1º EP	3	2º EP	1	3º EP
	4º EP		5º EP	1	6º EP

1.2. VALORACIÓN COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR/ÁREA.

Durante o curso 2022/2023 a coordinación co profesorado do alumnado que recibiu apoio de PT e A.L. foi en xeral positiva, agás en algúns casos que é imprescindible mellorar.

Realizáronse reunións con mestres de distintos ámbitos e gabinetes externos coa finalidade de mellorar a atención educativa do alumno. Insístease en que en algúns casos debíase de revisar e mellorar para o vindeiro curso.

1.3. VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO.

En relación a estas medidas, incentivouse o apoio dentro da aula para fomentar os aspectos como: a relación entre iguais, o aprendizaxe colaborativo, a interacción e participación social, a adquisición de hábitos de aula... deste modo, as repercusións foron favorables en múltiples aspectos, tanto para o

alumnado propio de PT e AL , como o grupo-clase, mediante unha metodoloxía integradora, motivadora e funcional.

Cabe destacar que esta integración non foi posible para todo o alumnado, xa que nun nivel por diversas circunstancias, dificultaron esta inclusión.

1.4. PREVISIÓNS PARA O PRÓXIMO CURSO.

Para o vindeiro curso, será preciso continuar con ditos apoios para este alumnado de PT e A.L. É fundamental que reciban atención desta especialidade e que se potencie o desenvolvemento de estratexias comunicativas e de interacción social. Do mesmo modo, se insiste en pautas de integración e colaboración co grupo-clase, que responda ás súas necesidades educativas, adaptándose ás necesidades de dito alumnado.

1.5. PROPOSTAS DE MELLORA.

Debido ao número elevado de alumnos que requiren unha atención de PT e A.L., o horario desta especialidade non é suficiente para abarcar de forma axeitada as dificultades presentes no centro. Deste modo, considérase necesario un maior número de especialistas tanto de P.T. como A.L. para unha atención educativa de calidade.

Tamén se considera imprescindible manter e potenciar na medida do posible, a coordinación co resto do profesorado implicado nesta labor, para establecer unha programación dos contidos (que sería recomendable anticipar ao profesorado de apoio para favorecer as adaptacións necesarias ao alumnado con neae, para favorecer á súa inclusión no seu grupo-clase), materiais, estratexias... a levar a cabo de forma común. Un aspecto importante, tendo en conta as necesidades dadas no centro, é a formación e o emprego de recursos técnicos que favorecen o desenvolvemento lingüístico do alumnado.

Deste modo, en coordinación co CEFORE, considérase un punto esencial de mellora, para todo o profesorado do centro, a adquisición dunha formación específica que se centre nun aprendizaxe práctico e funcional para levar a cabo na aula ordinaria, mediante o emprego de técnicas e metodoloxías apropiadas para dar resposta ás necesidades, fundamentalmente de carácter comunicativo.

Débese de tratar no inicio de curso mediante coordinación con todo o procesorado do centro, pautas para mellorar a inclusión do alumnado con NEAE.

2. MEMORIA DA INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS – RAQUEL

2.1. HORARIO:

O horario como ILS foi dende o 30 de setembro, tódolos xoves e venres de 9:00h a 14:00h.

2.2. USUARIO:

Alumno de 9 anos, con discapacidade auditiva, con implante coclear no lado dereito, moi bo dominio da lingua tanto oral como escrita, presenta máis dificultade á hora de oír, xa que cando estamos no grupo-clase ó escoitar varias voces e dependendo da distancia na que se atope a/as persoa/as que falen presenta dificultade para entender o que están explicando ou comentando, dicir que teñen un dispositivo FM para facilitar a escoita. Moitas veces ten comportamentos pouco axeitados que fai que as dificultades que poida presentar habitualmente se compliquen.

Sae os xoves a última hora a aula de AL na que vai acompañado da ilse.

2.3.OBXECTIVOS E ACTIVIDADES:

Como obxectivos plantexados estábanos seguintes:

- Normalizar a situación da comunicación para facilitar o pleno acceso ó currículo do alumno con discapacidade auditiva favorecendo a accesibilidade o contexto no que se atopa, adaptándoo en LSE.
- Avanzar na adquisición dun sistema de comunicación, neste caso a lingua de signos tanto o propio alumno coma os compañeiros, ou resto do centro.
- Establecer, cos equipos docentes e co departamento de orientación, canles de coordinación que posibiliten a mellor adaptación do centro.
- Interpretar actos ou eventos que se realicen no centro para favorecer a accesibilidade.

- Divulgar a LSE na etapa de infantil mediante a actividade de contacontos.

Para acadar ditos obxectivos, leváronse a cabo as seguintes actividades:

SETEMBRO

- Coordinación coa orientadora para adaptar o cole á LSE mediante cartéis en LSE ó lado do picto en cada estancia do centro.
- Envío á orientadora información sobre o que é un ILSE e as súas funcións para a súa divulgación entre o profesorado.
- Interpretación de tódalas clases en LSE, aínda que o usuario non utilice este sistema para comunicarse cos compañeiros habitualmente.

OUTUBRO

- Recopilación de signos das estancias do colexio.
- Actividade do Magosto (por mal comportamento do alumno, non puidemos estar na festa).

NOVEMBRO

- Colocación dos paneis en LSE nas diferentes estancias do centro.
- Proponse ó alumno a realización na hora de lectura (12 a 12:20h), de facer unha pequena introducción á LSE.
- Propoñen por parte de Educación Infantil de ir ás súas aulas a contar contos en LSE.
- Preparación en LSE para o 25 de novembro da canción “Que nadie calle tu verdad” de Manuel Carrasco.
- Ensaio co resto de aulas da canción do 25N para o día do acto.
- Acto do 25 N no patio con tódalas aulas para cantar a canción preparada.

DECEMBRO

- Adaptación en LSE das probas de varias materias (inglés, matemáticas), para unha mellor comprensión.

- Nos días que o alumno xordo non estivo, realización de contacontos en educación infantil.

XANEIRO

- Contacontos en Ed. Infantil nas distintas aulas os xoves á terceira hora (hora na que a persoaxorda ten ED. Física e pode prescindir esa hora do ILSE).

FEBREIRO

- Proposta de participación no concurso “Cantamos con las manos” da FAXPG. (Ó final non sae adiante por un tema organizativo e de temporalidade).
- Contacontos en Ed. Infantil nas distintas aulas os xoves a terceira hora

MARZO

- Día 16, interpretación de obra de teatro realizada no centro.
- Día 30, interpretación da obra de teatro “HUGO” sobre autismo, saída ó Auditorio Municipal Gabriel García Márquez en Mera.
- Contacontos en Ed. Infantil nas distintas aulas os xoves a terceira hora.

ABRIL

- Contacontos en Ed. Infantil os xoves na terceira hora (10:40 a 11:30).

MAIO

- Día 5, interpretación da charla de Violeta Monreal.
- Día 18, saída a natureza.
- Día 19, talleres con motivo da celebración do día das Letras Galegas.

- Contacto con ANPANXOGA para a realización dunha charla e sensibilización en Xuño sobre o que son as persoas xordas.
- Contos en Ed. Infantil os xoves na terceira hora (10:40 a 11:30).

XUÑO

- Contos en Ed. Infantil os xoves na terceira hora (10:40 a 11:30).
- Día 16, interpretación actividade con Anpanxoga.

2.4. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

- O traballo en Lingua de Signos foi continuo aínda que o alumno apenas utilizaba o recurso do ilseó principio, xa que o seu comportamento dificultaba que puidera seguir a clase con normalidade.
- O comportamento do alumno xordo foi mellorando según ía avanzando o curso, o que facilitou que tivera un maior contacto coa LSE, que aceptara mellor a súa discapacidade e aprender máis signos que utilizaría en determinadas ocasións para que empregara a lingua oral.
- Sería importante que todos os anos se puidese facer alguna actividade de sensibilización no centro sobre esta discapacidade, para que sexa máis visible e entender a importancia da LSE para as persoas xordas.

4. Órganos de goberno, a súa participación e coordinación

4.1. O Equipo responsable

O Equipo responsable traballou de forma coordinada para acadar os obxectivos previstos na PXA.

O Equipo responsable mantivo numerosas reunións ao longo do curso para tratar todos os aspectos relacionados co funcionamento do centro.

4.2. O Consello Escolar

O Consello Escolar ten completa a representación de todos os sectores da comunidade educativa agás a representación do alumnado que está baleira por non haber ningunha candidatura nas pasadas eleccións ao órgano Colexiado.

Conforman o Consello Escolar 5 representantes das familias (1 proposto polo ANPA); 5 docentes; 1 representante do persoal non docente; 1 representante do Concello de Oleiros; o xefe de estudos, a secretaria e o responsable do centro.

Convocáronse as reunións ordinarias preceptivas e todas as extraordinarias que se necesitaron ao longo do curso.

4.3. O Claustro de profesores

O Claustro de profesores do noso centro estivo formado ao longo do curso por 35 profesores: 8 de Educación Infantil e 26 de Educación Primaria e a Xefa do Departamento de Orientación.

Convocáronse as reunións ordinarias preceptivas e todas as extraordinarias que se necesitaron ao longo do curso.

5. Cadros de organización pedagóxica

5.1. Xefaturas de departamento

Departamento de orientación: Estivo integrado polo Xefe do Departamento, a coordinadora de EI, unha titora do 1º ciclo de EP, 1 titora do 2º ciclo de EP, 1 titora do 3º ciclo de EP, 3 especialistas de PT, 3 especialistas de AL, e a docente do programa PROA+.

5.2. Equipos de ciclo

Os Equipos de ciclo tiveron asignado un luns de cada mes en horario de 16:45 a 17:45 horas para as reunións pertinentes.

Agás o resto de tarefas realizadas, todos os ciclos elaboraron as súas programacións de ciclo. Foron enviadas unha vez aprobadas ao servizo de inspección educativa.

Cada coordinador de ciclo, tivo asignada unha sesión de coordinación semanal.

5.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica

Co fin de optimizar as reunións, aprobouse en claustro que a CCP estaría integrada por todos os membros do claustro. Polo que se trataron numerosos temas correspondentes á CCP nas reunións do claustro de profesores.

Reuniuse con carácter ordinario unha vez ao mes en horario de 16:45 a 17:45 e con carácter extraordinario unha vez ao principio de curso e outra ao final.

5.4. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

O Equipo de Dinamización de Lingua Galega reuniuse unha vez ao mes en horario de 16:45 a 17:45 horas.

O coordinador tivo no seu horario lectivo dúas sesións para desenvolver as tarefas da coordinación.

5.5. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

O Equipo tivo asignado unha sesión trimestral en horario de 16:45 a 17:45 horas para o seu funcionamento.

A coordinadora tivo asignadas dúas sesións no seu horario lectivo para desenvolver a súa labor de coordinación.

5.6. Equipo de dinamización de biblioteca

A coordinadora do Equipo de dinamización da biblioteca tivo asignadas seis sesións semanais no seu horario lectivo para desenvolver a súa labor de coordinación e para realizar tarefas relacionadas co funcionamento da biblioteca do centro.

5.7. Equipo de dinamización de TICs

O Equipo de TICs realizou unha reunión mensual os luns en horario de 16:45 a 17:45.

O coordinador do Equipo de TICs, tivo 2 sesións no seu horario lectivo para desenvolver a súa labor de coordinación.

5.8. Outros.

Apoio a alumnado hipoacúsico por parte dunha docente especialista en LSE e unha guía-intérprete.

6. Plan de actuación dos órganos colexiados

6.1. Consello Escolar

Estableceuse como día ORDINARIO de reunión do Consello Escolar os luns.

Celebráronse 3 sesións ordinarias e 6 extraordinarias.

Hai que salientar os seguintes acordos adoptados polo Consello Escolar ao longo deste curso:

- Aprobación do calendario das actividades extraescolares.
- Aprobación da PXA.
- Aprobación da xestión económica do ano 2022.
- Aprobación dos presupostos para o ano 2023.
- Aprobación dos campamentos organizados polo ANPA
- Aprobación do Plan dixital do centro.
- Aprobación participación no PLAMBE.
- Aprobación da memoria final de curso.
- Todos os demais asuntos que foron xurdindo ao longo do curso.

6.2. Claustro de profesores

O Claustro de profesores reuníuse como día ORDINARIO os luns.

Celebráronse 5 sesións ordinarias, unha por trimestre, e 7 sesións extraordinarias.

Entre os acordos adoptados ao longo do curso, cabe destacar:

- A organización do curso escolar.
- Proposta de actividades complementarias.
- Organización das diferentes festividades.
- Aportacións á PXA.
- Información positiva da PXA.

- Información positiva das contas do 2022
- Información positiva dos orzamentos para o ano 2023.
- Aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Aprobación da implantación dunha metodoloxía baseada en ámbitos de aprendizaxe para toda a etapa educativa da Educación Primaria.
- Aprobación da participación no PLAMBE.
- Aprobación do Plan Dixital do Centro.
- Aprobación do NOF actualizado do centro.
- Aportacións para a memoria final de curso.
- Todos os asuntos que xurdiron ao longo do curso.

7. Plan de actuación do Equipo Responsable

O Equipo Responsable levou a cabo as seguintes accións:

- Diu publicidade á normativa vixente usando como medio de comunicación as tics.
- Rentabilizou o uso das tics.
- Renovación dos equipos informáticos da zona de administración.
- Colocación de paneis dixitais nas aulas de educación infantil e nas aulas do 1º ciclo de educación primaria.
- Estableceu un calendario de reunións dos Equipos .Facilitáronse aos profesores diferentes titoriais para o uso de aplicacións concretas relacionadas co uso dos ordenadores.
- Colaborouse co ANPA en todo o relacionado coa educación do alumnado:
 - Fixéronse reunións periódicas.
 - Facilitamos espazos para as actividades extraescolares promovidas por a mesma.
 - Difundimos de forma coordinada as diferentes iniciativas desenvolvidas.
- Actualizouse o plan de transporte escolar no que se inclúen:
 - As normas de uso.
 - As rutas.
 - As empresas adxudicatarias.
 - Os horarios.
 - A relación de usuarios do transporte para cada itinerario xunto coas persoas de contacto.
 - Se modificaron algunhas paradas conseguindo que todo o alumnado do centro que solicitou transporte poidera facer uso do mesmo.

- Realizáronse as convocatorias pertinentes dos Órganos Colegiados tendo en conta os prazos establecidos, facilitando as canles para o intercambio de información e difundindo os acordos entre todos os implicados.
- Potenciáronse as actividades xerais do centro:
 - Creáronse as seguintes comisións:
 - Comisión económica.
 - Comisión de convivencia.
 - Comisión da biblioteca.
- En relación coa conservación e mellora das instalacións e do centro:
 - Creación dunha pasarela para alumnado do transporte.
 - Instalación dunha ampliación do patio cuberto de Educación Primaria por parte do concello de Oleiros.
 - Pintado das prazas do aparcadoiro.
 - Ampliación do contrato de limpeza por parte do concello de Oleiros, engadindo unha nova persoa de limpeza, equiparando o noso centro ao resto de centros do concello.
 - Mantivemos as reunións necesarias cos responsables do concello para subsanar todos aqueles desperfectos ocasionados nas instalacións do centro.
 - Estableceuse contacto periódico coa empresa de limpeza e as empregadas.
- Organizar as eleccións a Consello Escolar.
- Facilitar a participación do profesorado nas eleccións sindicais.
- Facilitar a participación do profesorado de relixión nas eleccións do seu sector.
- Desenvolveu todas aquelas tarefas indicadas pola Administración.
- Desenvolveu todas as tarefas indicadas pola Inspección Educativa.

8. Xornada escolar e horario do centro

Profesorado de garda de transporte

De 08:50 ata 14:00

Sempre estiveron de garda membros do claustro, según se recolle na PXA e no DOC.

Resto do profesorado

De 08:55 ata 14:00

Tanto o horario xeral como a distribución das sesións lectivas, quendas de vixilancia de recreos, gardas no horario lectivo, gardas polas tardes, sesións de non permanencia no centro en horario lectivo e horario de atención ao público por parte do Equipo responsable ríxense polo aprobado na PXA e no DOC do centro.

Desde o mes de outubro ata o 22 de xuño puxéronse en marcha as actividades extraescolares en horario de luns a xoves de 15:45 a 17:45 horas cun membro do claustro de garda.

Sempre que o ANPA solicitou as instalacións para campamentos ou para actividades propias da asociación lles foron concedidas.

9. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa.

O persoal do centro se adscribiu de forma voluntaria aos diferentes programas de innovación que se propuxeron desde o centro:

- Edusaude.
- Inclúe
- Edixgal
- PLAMBE.
- Biblioteca Creativa
- Radio na Biblio.
- Plan Dixital
- PFPPs organizados desde o CFR de A Coruña.

Ademais, o profesorado do centro participou en diferentes actividades de formación propostas pola Administración Educativa.

Se debe facer aquí mención ao premio por un programa de radio recibido por parte da rede de bibliotecas da Xunta de Galicia

10. Addenda do proxecto lingüístico

Para o alumnado de nova incorporación correspondente a 4º de EI, ante a pregunta relacionada coa lingua materna, todas as familias teñen como lingua materna a lingua castelá.

En relación coa lingua usada polo profesorado nas súas docencias hai que salientar que:

- Se equiparou o uso da lingua galega e a lingua castelá nunha porcentaxe do 50 %.
- Respetouse en todo momento o desenvolvido na lexislación vixente en relación co uso da lingua galega e lingua castelá nas diferentes materias.

11. Horario de atención ao público

O horario de atención ao público recólles no seguinte cadro:

	luns	martes	mércores	xoves	venres
09:00-09:50	X.Estudios Secretaría Responsable	X.Estudios Secretaría Responsable	X.Estudios Secretaría Responsable	XX.Estudios Secretaría Responsable	X.Estudios Secretaría Responsable
09:50-10:40			Responsable		
10:40-11:30				Responsable	Responsable
12:20-13:10		Responsable		X.Estudios	
13:10-14:00		X.Estudios	Secretaría X.Estudios	Secretaría	Secretaría

12. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coas familias.

O Equipo Responsable do centro mantivo as reunións necesarias para manter informadas ás familias de todos aqueles aspectos relacionados coa educación dos seus fillos/as.

Os/as titores/as e profesorado do centro mantiveron entrevistas periódicas coas familias co fin de intercambiar impresións acerca da vida escolar do alumnado.

O profesorado do centro buscou alternativas de reunión diferentes ás establecidas na PXA para aquelas familias que tiveron dificultades para reunirse no horario aprobado.

O centro fixo partícipe ás familias das conferencias organizadas polo CFR da Coruña ao longo do curso.

O centro fixo partícipe ás familias das diferentes festas organizadas desde o centro: magosto, entroido, letras galegas, fin de curso...

O centro enviou ás familias, a través dos/as titores/as toda aquela información que considerou oportuna a través de circulares informativas co fin de mantelos informados en todo momento.

O centro, ademáis, mantivo informadas ás familias en todo momento, de todas as actividades levadas a cabo no centro por medio de ABALARMOBIL.

13. Plan de utilización das instalacións do centro.





O centro falicitou as instalacións ao ANPA para o desenvolvemento de campamentos de conciliación familiar durante todos os períodos non lectivos.

14. Plan xeral de avaliación do centro

Durante o mes de xuño, se enviou a todo o profesorado un formulario para recoller as impresións da xestión do centro durante o curso 2022-23.

As suxerencias que aparecen, están agrupadas (en cada epígrafe aparecen 4 valoracións).

Estes son os códigos usados nos gráficos.

1 mala 	2 regular 	3 boa 	4 moi boa 
--	---	---	---

Co fin de facilitar a interpretación dos datos obtidos na avaliación do equipo responsable, se traslada a información a un anexo ao final da memoria.

15. Memoria do Equipo de dinamización de TICs.

15.1. Contextualización

O Equipo da Dinamización TIC estivo composto por:

María Menéndez Canosa

Silvia Montes Fernández

David Rico Vidal.

Jorge Campos Mondelo.

José Luis Prada López.

José Manuel Mosquera Novoa, coordinador

Este Equipo TIC reuníuse 7 veces ao longo do presente curso 2022 – 2023.

15.2. Avaliación xeral

O equipo da dinamización TIC desenvolveu as súas funcións, que veñen recollidas na Orde do 17 de xullo de 2007, no seu artigo 14º.

Obxectivos acadados

- Dinamizar os obxectivos recollidos no plan dixital:
 - Iniciar ao alumnado de EI e 1er ciclo de EP no pensamento computacional.
 - Iniciar ao alumnado de 2o e 3o ciclo de E.P. no pensamento computacional e na robótica.
- Colaborar na implantación do proxecto Edixgal en 5º e 6º de Educación Primaria
- Axuda no uso da Aula Virtual.
- Colaborar cos equipos dinamizadores do Centro.
- Axudar co mantemento do equipamento informático do Centro.
- Colaborar no incremento e na posta en marcha de novo equipamento TIC e audiovisual no Centro.
- Promover iniciativas TIC no centro.
- Asesorar no mantemento da páxina web do Centro.

Obxectivos que quedaron pendentes:

Obxectivos que se iniciaron ou quedaron sen levarse a cabo:

- Dinamizar os obxectivos recollidos no plan dixital:
 - Creación dun repositorio de recursos na web fiables para uso do alumnad@ organizado por ciclos.
 - Formar ao profesorado no coñecemento sobre os dereitos de autor, as licenzas Creative Commons e o dereito de cita.
- Poñer á disposición das titorías de recursos para que o alumnado se forme nas normas de comportamento (Netiquete) e seguridade na rede.

Previsión vindeiro curso e propostas de mellora

- Impulsar o Plan dixital.
- Colaborar na implantación do proxecto Edixgal.
- Tentar implicar ao profesorado do Centro no uso de recursos e ferramentas TIC, potenciando recursos dixitais para o a divulgación de contidos e enlazalos coa páxina web do Centro.
- Dinamizar as TIC do centro.
- Promover a realización de materiais audiovisuais.
- Poñer á disposición das titorías de recursos para que o alumnado se forme nas normas de comportamento (Netiquete) e seguridade na rede.

16. Memoria do equipo de dinamización da biblioteca escolar.

16.1. Equipo de biblioteca

O equipo está formado por: A. Patricia Sánchez Lamas, Nuria González Díaz, Carmen José Castiñeiras Díaz, María Lorena Lamas Sánchez (subst. Eva Rodríguez Costoya), Carmen Cabanas Costoya, Cecilia Romero Romero (subst. Esteban Casas Vázquez), Magdalena Alonso Franco, Ana María Vázquez Vázquez, Paula María Fernández López.

16.2. Introducción

A biblioteca do CEIP Juana de Vega continúa a desenvolver o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) para o cal presenta unha memoria final exhaustiva a través da aplicación da Consellería “Programas Bibliotecas”.

16.3. Resumo de accións

Das accións da biblioteca escolar damos conta a través das memorias de PLAMBE, Radio Na Biblio e Biblioteca Creativa que se presentan na aplicación da Consellería “Programas Bibliotecas” axustándonos ao formato e extensión requeridas mais, ademáis dos formularios pertinentes cúbrese un resumo de accións que pode ser consultado nas seguintes ligazóns:

PLAMBE: (máximo 10 páxinas) [AQUÍ](#)

Radio na biblio: (máximo 2 páxinas) [AQUÍ](#)

Biblioteca Creativa: (máximo 3 páxinas) [AQUÍ](#)

16.4. Consecución de obxectivos

Coma redactamos na memoria PLAMBE, se botamos unha ollada aos obxectivos e liñas prioritarias propostas podemos acadar unha sensación altamente satisfactoria co desenvolto este curso tendo en conta o punto de partida.

No tocante á **organización e xestión** todos os obxectivos posibles foron acadados (reunións, plans, mellora da catalogación, expurgo, adquisicións, posta en marcha dos voluntarios/as de biblioteca, etc.) só quedaron en desenvolvemento aqueles que as circunstancias impediron ben sexa por falta de horario, carga de traballo, etc.

En relación á **biblioteca coma laboratorio creativo de aprendizaxes** moitos dos obxectivos propostos foron acadados aínda que pretendemos incrementar o número de obradoiros ou encaixalos na dinámica habitual, é salientable, un ano máis, o impacto do traballo de radio.

En relación á **dinamización dos recursos a satisfacción tamén é xeralizada** así coma na formación de usuarios e competencia informacional; unha maior dispoñibilidade de tempo promovería a creación de novos obradoiros e e dinámicas ao respecto (xuntanza de detectives, salas de fuga, etc.) mais a re-apertura, o funcionamento dos axudantes e as experiencias que se realizaron ao respecto (sala de fuga das sensombreiro, investigacións de arte, etc.) son positivas. Especial mención merece o PDI e o enfoque deste curso, unha planificación inicial concreta, con ideas e temporalización promoveu unha integración do PDI nas programacións de aula con moito maior nivel de adherencia que en cursos anteriores. O proxecto tivo un desenvolvemento aceptable xeralizado dentro das aulas resultando un proceso moito máis enriquecedor, con experiencias educativas de moita calidade e maior impacto na comunidade educativa polo que, consideramos que este é o sendeiro correcto no traballo cos proxectos documentais integrados.

En relación ao **proxecto lector e fomento da lectura** todos os obxectivos foron acadados en distinto grado e establecéronse dinámicas de lectura diversas e de calidade.

O resumo narra un curso de gran satisfacción para BiblioNós por todo o acadado mais tamén é certo que requeriu de moito esforzo, dedicación e que tamén trae frustracións e esgotamento xa que, en parte, estes obxectivos puideron ser acadados grazas á unha voluntariosidade, dedicación e esforzo máis alá do estritamente profesional por parte do profesorado, voluntariosidade da que non debería

depende un gran proxecto como é o das bibliotecas escolares e todo o que implican.

BiblioNós ten novos retos no horizonte, mentres continúa a colocar e catalogar o seu espazo, pretende medrar en áreas e accións educativas, continuar a senda de proxectos ambiciosos e ben artellados incluso, se puidera, medraría en metros cadrados e en horas do reloxo.

16.5. Liñas prioritarias 23-24

- Continuar coa renovación, ordenación, expurgo e catalogación efectiva.
- Acadar un horario de dedicación exclusiva do equipo equilibrado dacordo coas tarefas que lle son atribuídas.
- Procurar, con ese horario, a apertura cun/ha responsable a cargo na xornada lectiva (instrucións PLAMBE)
- Manter/ampliar o equipo con membros de todos os ciclos e con horario que facilite a realización das tarefas.
- Realizar unha distribución de roles e tarefas esenciais entre as persoas do equipo (fondos, dixital, creativa, radio, propostas, adquisicións...)
- Manter e facilitar as reunións e a formación do alumnado voluntario.
- Promocionar o uso da biblioteca e radio por parte das titorías e aulas.
- Promover a incorporación de novas accións educativas (obradoiros de poesía oral, escritura creativa, xuntanzas de detectives, deseño...)
- Colaborar no preciso para o deseño do traballo por ámbitos ou liñas metodolóxicas acordadas incorporando as posibilidades da biblioteca escolar e os seus recursos.
- Manter os encontros, entrevistas e debates.
- Manter o proxecto Radio na Biblio con crecente número de profesorado implicado.
- Promover o proxecto Biblioteca Creativa.
- Continuar coa mellora no enfoque dos PDI, seleccionados co compromiso do claustro para ser desenvoltos desde todas as áreas ou ámbitos e niveis.
- Continuar a publicación de boletíns, colaboración en revista e divulgación no blogue e redes.
- Manter e incrementar accións coma certames, exposicións, retos, propostas de traballos de investigación, etc.
- Crear o Plan Anual de Lectura 23-24
- Manter a hora de ler e aportar novas propostas á mesma.
- Manter a colaboración co EDLG e EACE ou outros equipos dinamizadores.

- Promover o uso (organizado) de E-LBE2
- Continuar a formación no eido da biblioteca dos membros do equipo.

17. Memoria do Equipo de Dinamización de Lingua Galega

17.1. Introducción

De acordo con artigo 15 do DECRETO 79/2010, de 20 de mayo, para o plurilingüismo no ensino non universitaria de Galicia, para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro.

No noso Centro o equipo docente que formou parte do Equipo de Dinamización da Lingua galega durante o curso 2022/2023 foi de 8, dous titoras de Educación Primaria, dous titoras de Educación Infantil, a profesora de relixión e tres especialistas. Desta maneira propiciouse unha relación bidireccional nas iniciativas e/ou propostas dos dous niveles educativos.

E de acordo co Decreto 374/1996, do 17 de outubro, sobre o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria o coordinador responsabilizase da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.

Durante todo o curso dende este equipo e xunto cos outros equipos convivencia, actividades (complementarias e extraescolares, biblioteca, TICs...) realizamos celebracións e conmemoracións. A nosa colaboración máis directa consiste en promover que nas actividades empreguen a lingua galega tanto de forma oral como escrita.

17.2. Consecución dos obxectivos

Entre os diversos obxectivos marcados, destaca o de desenvolver diferentes actividades a través da nosa lingua. En todas as actividades tivemos en conta que estivese presente e prevaleces a tradición e a lingua galega.

Tamén dotar dun amplo abanico de recursos, en galego, ao profesorado, para poder utilizar na aula e favorecer a utilización da lingua galega nas diversas materias e niveis. Neste sentido poñíase ao dispor do profesorado, coincidindo

con cada unha das celebracións do centro, un dossier con material didáctico para poder traballar co alumnado de todos os niveis. Nel dábase información sobre a celebración e incluíanse distintos recursos e propostas para traballar co alumnado.

Outro obxectivo foi o de dinamizar un Blogue específico para o equipo de Dinamización da Lingua Galega e un Recuncho da Dinamización Lingüística..

Pensamos que os obxectivos expostos ao principio do curso foron acadados en gran medida e contamos coa participación do alumnado e gran implicación por parte do profesorado. Aínda que o traballo do blogue non chegou aos mínimos marcados polo grupo ao inicio de curso e é un aspecto a mellorar de cara ao próximo curso.

17.3. Avaliación das actividades

Para a consecución dos obxectivos propostos o EDLG organizou as seguintes actividades, que estiveron totalmente marcadas e limitadas pola pandemia e medidas sanitarias:

3.1. Samaín

A diferenza de anos anteriores, nos que só celebrabamos unha destas festas, este curso fíxose unha celebración conxunta do Magosto e Samaín. Desenvolveuse o día 28 de outubro.

O día 28 de outubro realizamos a celebración conxunta do Samaín e do Magosto.

Na devandita celebración realizáronse distintos obradoiros e talleres de xogos tradicionais, en coordinación con a Eira Xandobeira.

En relación á celebración do **Samaín**, desde o equipo de Dinamización lingüística, elaborouse un dossier con información e propostas de actividades para o profesorado. Tamén se realizou unha exposición de chapeus terroríficos nos corredores do Centro, na semana do 24 de outubro ao 7 de novembro. Ese mesmo día, no ximnasio do Centro, houbo un concerto a cargo de “CE ORQUESTA PANTASMA”

En canto ao **Magosto**, tamén realizamos un dossier con historia desta celebración, recompilación de cancións, actividades e propostas para o profesorado. As aulas decoráronse con motivos típicos do outono e da natureza. Ademais destes xogos e obradoiros, realizouse unha degustación de castañas para todo o alumnado do Centro.

3.2. Nadal

En coordinación cos Equipos de Actividades Extraescolares e o de Biblioteca, realizáronse varias actividades en relación con esta celebración, sendo o 22 de decembro un día de festa e ilusión no noso Centro.

- Decorouse o Centro con árbores de Nadal, ademais de decorar as portas de cada aula e o interior delas. Tivemos distintas propostas e levaron a cabo varias accións similares. Desde o Equipo de Dinamización Lingüística, expomos a realización da Árbore de Nadal Galego. O cal estaba formado por bólas de Nadal, decoradas polo alumnado do Centro e no seu interior tiña que escribirse unha palabra en galego, relacionada co Nadal ou un desexo. A árbore sitúase no Recuncho da Lingua e estaba formado por case 400 bólas
- Organizouse unha mañá con xogos do Nadal, karaoke, batalla de bailes do Nadal e badaladas de fin de ano, para todo o alumnado do Centro.

3.3. Entroido

A En coordinación co Equipo de Biblioteca e o de Actividades Extraescolares, a proposta deste ano foi unha homenaxe aos "Artesans", coincidindo co tema para o Centro este curso "Arte-Sans".

Durante esta semana seguimos "Os mandadiños do Meco", que fará que cada día engadamos unha prenda ou cor á nosa vestimenta, para acabar o venres na nosa particular homenaxe aos distintos Artesáns da nosa terra.

Desde dinamización realizamos os Mandadiños do Meco, atendendo cada día á temática elixida por cada uns dos ciclos de primaria e a etapa de infantil. Foron publicados no bloque de dinamización da lingua e tamén, no Meco situado na entrada do Centro.

Tamén realizamos un dossier con historia desta celebración, recompilación de cancións, actividades e propostas para o profesorado. O recuncho da Lingua Galega foi decorado con información dos Entroidos máis típico de Galicia.

3.4. Día internacional da muller.

Desenvolveuse unha exposición sobre as mulleres importantes nas vidas do noso alumnado e tamén en mulleres importantes, relacionadas coas artes e a saúde.

3.5. Letras Galegas

Este ano dedicado a **Francisco Fernández del Riego**.

Dende o Equipo de Dinamización achegamos ao profesorado unha serie de recursos para desenvolver esta data tan importante e varias actividades a desenvolver ao longo do mes, non limitando esta celebración a un día ou unha semana concreta.

Ademais, este curso quixemos dar a coñecer e celebrar no noso Centro, a tradición dos "**Maios**" de gran tradición e arraigamento noutras zonas de Galicia.

"**Dossier das Letras Galegas**", En colaboración con outros Centros, dentro da proposta de "Seminario Galan", realizáronse diversos documentos e materiais, que foron postos ao dispor de todo o profesorado do noso Centro. Ademais de pasarlles información, tanto gráfica, como multimedia, sobre os Maíos

"**Recuncho de Dinamización**", Este espazo dividiuse en dous. Nunha das mitadas, desde os primeiros días de maio, foise colgando distinta información e documentación sobre o autor homenaxeado este ano. Tentouse que fose todo moi visual, rechamante e de fácil comprensión para todos os niveis do Centro. Na parte inferior, nun expositor, fíxose unha exposición con algúns dos seus libros máis destacados. Na outra metade, puxéronse imaxes e información sobre a celebración dos "Maíos" para dala a coñecer ao alumnado do Centro.

"**Maio en Galego**", Coincidindo co inicio do mes de maio, empezamos unha campaña para fomentar a utilización do galego entre o alumnado do Centro. Dita campaña tiña varios obxectivos e entre eles, buscábase que o alumnado utilizase o galego nos distintos ámbitos nos que se move. Para iso, a modo de

elemento motivante e que á vez os fixese ter presente devandito obxectivo, realizamos unhas pulseiras de tea, que foron repartidas entre todo o alumnado e profesorado do Centro e que quixese participar nesta actividade. As pulseiras contiñan elementos florais, en alusión á celebración dos Maíos, que estabamos a dar a coñecer e á vez un lema "Ou galego está en Nós" , con varios significados, primeiro en alusión ao lugar onde se sitúa o Centro, segundo referencia á Xeración Nós e por último, referíndose á Comunidade Educativa do noso Centro.

“Feira das Artes”, En coordinación cos Equipos de Extraescolares e de Biblioteca, quixemos ampliar a idea inicial de realizar unha Romaría. Quixemos abarcar máis, dando a coñecer distintos aspectos da nosa cultura e á vez, colaborar co obxectivo marcado para o Centro, este curso. Para iso celebramos unha feira de obradoiros de artesanía, onde se realizaron varios relacionados cos Maíos, facendo decoración floral e construíndo noso propio Maio, colaborando todo o alumnado do Centro. Tamén obradoiros de olería e xoiería, decoración téxtil,... contando coa colaboración de varias familias e da totalidade do profesorado. Na segunda parte, realizouse unha Romaría na que participou todo o alumnado, realizando unha merenda e amenizado todo por grupo de gaitas e pandeiretas.

Premio Literario Descubrindo Oleiros

Premio Literario Descubrindo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio. Este concurso abre o prazo no mes de decembro para aqueles rapaces e rapazas estudantes de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e da ESO.

Os relatos estarán ambientados en Oleiros, escritos en lingua galega, serán inéditos, que non fosen premiados en ningún outro concurso e non estean pendentes de fallo noutros premios.

Neste certame, unha alumna do noso Centro obtivo un premio.

17.4. Actividades de normalización lingüística promovidas e financiadas polo concello

A relación de actividades de Dinamización da lingua desenvolvidas foi a seguinte:

- **Concerto de “Pakolas e Laura Romero”**, 4º, 5º e 6º de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria. Desenvolveuse no Auditorio Gabriel García Márquez, en Mera.
- **Teatro “Hugo”**. 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria e 4º e 5º de Educación Infantil. Desenvolveuse no Auditorio Gabriel García Márquez, en Mera.
- **“Música e Arte de Martín Codax”**. 1º e 2º de Educación Primaria e 6º Educación Infantil. Desenvolveuse na Biblioteca do noso Centro.
- **“Quendis que era? Francisco Fernández del Riego”**, 5º e 6º de Educación Primaria. Desenvolveuse no patio cuberto do noso Centro.

As catro actividades foron moi ben valoradas polo profesorado titor, destacando a calidade das actividades, a preparación dos responsables das actividades e por estar adaptadas ao alumnado.

Premio Literario Descubrindo Oleiros

Premio Literario Descubrindo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio. Este concurso abre o prazo no mes de decembro para aqueles rapaces e rapazas estudantes de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e da ESO.

Os relatos estarán ambientados en Oleiros, escritos en lingua galega, serán inéditos, que non fosen premiados en ningún outro concurso e non estean pendentos de fallo noutros premios.

Neste certame, unha alumna do noso Centro obtivo un premio.

Cartas aos Reis Magos

Participaron as clases de 5º e 6º de Educación Infantil e os de 1º e 2º de Educación Primaria, deseñaron unha carta aos Reis Magos, integramente en galego.

Campaña polo 8 de marzo

Campaña polo 8 de marzo, unha convocatoria de ideas dirixida á comunidade educativa do Concello de Oleiros co obxectivo de elaborar material divulgativo co gallo do 8 de marzo. O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria aportou distintas propostas de lemas para a realización dunha bolsa conmemorativa, por parte do Concello de Oleiros.

17.5. Outros recursos aportados ao profesorado

Ademais do específico para cada celebración, entre outros son:

- **Francisco Fermández del Riego:** <http://seminariogalan.org/>
- **Radio picariña** <http://www.crtvg.es/en-directo/canles-directos-rg/radio-picarina>
- **Vídeos didácticos**
<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/videosdidacticos.html>
- **Espazo Abalar**
 - **Trazos das grafías:**
<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/controteiros-de-aprendizaxe-grafomotricidade-minusculas>
 - **Descubriendo as palabras II**
<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/controteiros-de-aprendizaxe-grafomotricidade-minusculas>

- **Descubriendo o verbo**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/descubriendo-palabras-verbo-ii>

- **Categorías gramaticais**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/descubriendo-palabras-interrogativos-e-exclamativos>

- **Xerador operacións matemáticas en galego**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/repositorio/cont/xerador-de-operacions-matematicas-online-numeros-decimais>

- **Conto musical en galego**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/banda-dos-amiguetes>

- **Recurso en galego sobre as táboas de multiplicar**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/taboas-de-multiplicar>

- **Recurso sobre o sector terciario**

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/os-traballos-dos-servizos>

17.6. Avaliación e propostas de mellora

Este curso caracterizouse por unha volta á normalidade, coa desaparición das restricións impostas pola pandemia, nos cursos anteriores. O número de actividades organizadas polos distintos Equipos do Centro, ademais das ofertadas polo Concello de Oleiros e outras entidades, fixo que o número de actividades á nosa disposición fose enorme e moi grande a dificultade á hora de coordinalas todas.

Pensamos que as actividades resultaron interesantes e atractivas, pero tamén detectamos erros e aspectos a mellorar en cada un delas. Os materiais facilitados ao profesorado antes de cada actividade ou celebración foi ben acollida e valorada, pero é verdade que a falta de tempo é unha realidade no día a día na aula e non sempre é posible desenvolver o material facilitado.

Seguimos a detectar certa dificultade na competencia oral na nosa lingua, que esperamos e traballamos para que mellore nos próximos cursos, con actividades como “Maio en Galego”. Vemos a necesidade de realizar mais actividades que axuden a desenvolver a competencia oral en galego, gañando seguridade e fluidez entre o alumnado no seu uso. A radio, que está a desenvolver o Equipo de Biblioteca, é un primeiro paso que pode ser moi motivante e útil para acadar este obxectivo.

É necesario dar un novo enfoque a certas actividades, xa que o alumnado esta a crecer en número de forma progresiva o que dificulta a realización de certas actividades en grandes grupos. As limitacións de espazo, cada vez son maiores no noso Centro e un elemento limitante.

Podería ser interesante desenvolver un proxecto de dinamización da lingua, dentro da hora da lectura que desenvolvemos no centro e en colaboración co equipo de biblioteca. Sendo tamén importante traballar no deseño do blogue ou outra plataforma dixital que visualice o traballo do Equipo de Dinamización e serva de plataforma de divulgación.

Dous dos obxectivos expostos para este curso, quedaron sen completar. En primeiro lugar, a dinamización do Blogue dá Lingua. Que aínda que está operativo e utilizouse en momentos puntuais (Nadal, Entroido,...), non tivo a continuidade necesaria para ser un elemento importante e de referencia no noso Centro. Por último, o Roteiro Botánico que programamos para o último trimestre, e debido a todos os recursos e tempo dedicado ás Letras Galegas, con todas as actividades desenvolvidas e a organización da Feira das Artes, tivo que deixarse para o próximo curso

18. Memoria do Equipo de Actividades extraescolares e complementarias.

18.1. Contextualización

O equipo docente que forma parte do Equipo de actividades complementarias e extraescolares está formado por:

- Cristina M.^a Bello Díaz. Titora de 4^oC EP
- Gema Vázquez Candal. Apoio de E.I
- Ángeles M^o López Barreiro. Especialista en lingua inglesa (3^o a 6^o E.P)
- Pablo Seijas Rancaño. Titor de 5^oB E.P
- Marta López Aranda. Titora de 2^oA E.P. Coordinadora de EACE.

18.2. Obxectivos

Programar actividades complementarias ás de aula e alcanzar fines didácticos, estimular a curiosidade, e ofrecer novas formas de empregar o tempo dende un punto de vista educativo e lúdico.

A conmemoración de festas e celebracións viuse afectada pola organización dos apoios establecidos en E.I e E.P, sendo insuficientes debido ao elevado número de alumnado NEAE e NEE pertencentes ao centro educativo.

Os obxectivos son os seguintes:

- Elaborar o programa de actividades complementarias.
- Dar coñecemento ao claustro de dito programa.
- Institucionalizar as saídas por cursos, de xeito que ningún curso as repita.
- Facer un calendario ao comezo do curso coas actividades asignadas polas distintas dinamizacións.
- Escoller algunhas das actividades de obrigado cumprimento seguindo o calendario escolar do 22-23 e organizar, en colaboración coas distintas dinamizacións do centro, as actividades a festexar a nivel centro. Facer un achegamento ao resto de festas e conmemoracións a nivel aula.
- Colaborar cos ciclos na organización das festas que se realicen.

- Planificar as saídas ao longo do curso.
- Guiar a colaboración que ofrece o ANPA de cara a futuras celebracións. (Datas, festividade...)
- Creación da revista dixital “Diario de Nós”

18.3. Actividades realizadas en educación infantil

CURSO	SAÍDA (Coñecer Oleiros)
4º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • Lagoa de Mera e a súa contorna (29 e 30 de maio de 2023)
5º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • Castelo e Illa de Santa Cruz (22 e 23 de maio)
6º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • Finca Carballeira (16 e 24 de marzo) • Castelo e illa de Santa Cruz (18 e 19 de maio)

CURSO	ACTIVIDADES FOMENTO DA LECTURA
4º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • A nena que comía todos os contos (22 de marzo) • Contando números, cantando cores (19 de abril)
5º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • Aprendendo a querer (23 de marzo) • Contando números, cantando cores (28 de abril)
6º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • Aprendendo a querer (23 de marzo) • Contando números, cantando cores (28 de abril)

CURSO	SAÍDA
4º E.I, 5º E.I, 6º E.I	<ul style="list-style-type: none"> • Granxa de Belelle (3º trimestre)

Actividades organizadas polas titoras de E.I

18.4. Actividades realizadas en educación primaria

CURSO	SAÍDA (Coñecer Oleiros)
1º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Sta Cristina e a ría (20 e 21 de abril)
2º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Bosque da Veciñanza de Bastiagueiro (15 e 16 de maio)
3º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Doce e Salgado (18 e 19 de maio)
4º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Costa de Dexo (22, 23, 24 de maio)
5º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Cecebre (15 e 16 de maio)
6º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Oleiros desde A coruña (12 e 13 de xaneiro) • Sada e Pazo de Meirás (23 e 24 de febreiro)

CURSO	ACTV FOMENTO DA LECTURA
1º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Contando números, cantando cores (6 de marzo) • Brinca vai: de aquí a acolá (12 de abril)
2º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Contando números, cantando cores (6 de marzo) • As aventuras de Mariña (13 de abril)
3º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Brinca vai: de aquí a acolá (12 de abril)
4º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Contando números, cantando cores (7 de marzo)
5º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Aproximación á ilustración (26 de abril) • Contos de aquí (16 de maio)
6º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Contos de aquí (16 de maio)

CURSO	SAÍDA
1º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • O ventoso (Laracha) (3º trimestre)
2º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Zona Fun (3º trimestre)
2º ciclo E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Saída ao cine (3º trimestre)
6º E.P	<ul style="list-style-type: none"> • Pena Aventura (Portugal)

Asemade o Centro participou nas actividades de Agora música e nos concertos pedagóxicos ofertados polo Concello.

18.5. Conmemoracións e festas

Dende EACE leváronse a cabo as seguintes conmemoracións:

- Samaín e Magosto: Exposición de chapeus. Elaboración dun video subido á páxina web do centro. Actuación de CE PANTASMA subvencionado pola ANPA. Leváronse a cabo xogos tradicionais a cargo da empresa Xandobela e posterior reparto de castañas asadas.
- Nadal: Construcción dunha cheminea na Biblioteca. Fíxemos como actividade a decoración de calcetíns navideños cunha mensaxe solidaria e posteriormente os colgamos na cheminea. En E.I e 1º ciclo recibiron a visita de Papá Noel. Levóuse a cabo o amigo invisible. Cada alumno/a facía un agasallo artesanal e o colgaba debaixo da árbore de Nadal. A nivel centro fíxeronse xogos e as badaladas de fin de ano, a cargo da empresa Trapalladas subvencionado pola ANPA.
- Fin de curso: I Nós Fest. Degustación de xeados The Bio Factory, photocall de fin de curso e xogos populares a cargo do alumnado de 5º e 6º de E.P (os axudantes da Biblio durante o curso)

18.6. Outras actividades

En colaboración cos equipos de Dinamización Lingüística e Biblioteca, realizáronse as seguintes actividades:

- Entroido: Os mandados do Meco traballáronse seguindo a temática do PDI levado a cabo no centro e un desfile polo entorno.
- Letras Galegas: A nivel de centro organizamos unha FEIRA DAS LETRAS. Leváronse a cabo diferentes obradoiros artesanais: xoiería, arxila, estampación de tea e a elaboración dun maio, coa colaboración das familias. Contratouse a Belen, creadora dun espazo educativo “Pitiños”, que impartiu ao alumnado un obradoiro de cestería.
- Participación das familias: Contacontos, masterclass cubo de rubik, oficios relacionados coa artesanía...

18.7. Avaliación

A oferta das actividades por parte do concello foi ampla e diversa.

As festas e conmemoracións realizáronse de forma positiva no centro, aínda que faise preciso non colocar saídas próximas a festividades e conmemoracións de cara a unha maior organización e participación de todos os cursos.

Cumpríronse todos os obxectivos propostos.

18.8. Propostas de mellora

- Que se cumpra o calendario elaborado ao comezo do curso coas actividades asignadas polas distintas dinamizacións.
- Elaborar un dossier, infografía... coa selección dos diferentes espectáculos, funcións... apropiados segundo a idade do alumnado.
- Revisar as saídas ofertadas polo Concello de Oleiros: coñecer Oleiros, actividades de fomento da lectura, actividades da dinamización da lingua galega... para evitar que coincidan nun mesmo día.
- Maior colaboración co equipo de convivencia.
- Darlle un enfoque diferente a Revista Dixital, con maior participación por parte do alumnado.

19. Memoria do Equipo de dinamización de convivencia

19.1. Compoñentes

- Coordinadora: **Giovanna** Fernández (orientadora)
- **Florencia** Carmona, **Nerea** Garcia e **Melisa** Rodriguez (especialistas en PT) .
- **Teresa** Fuciños, **Lorena** Méndez e **Teresa** Pérez (especialistas en AL).
- **María José** Regueira Martínez. (Titora 6ºB)

19.2. Obxectivo

O obxectivo xeral por parte do equipo de Convivencia Escolar é orientar as accións, iniciativas e programas que promulguen e fomenten a comprensión e o desenvolvemento dunha convivencia escolar inclusiva, participativa, solidaria, tolerante, pacífica e respetuosa, nun marco de equidade de xénero e co enfoque de dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

19.3. Conmemoracións e actividades realizadas

Ver os anexos no apartado 6.

Desde o equipo de Convivencia leváronse a cabo varias propostas (nos anexos) relacionadas con distintas conmemoracións:

25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

Destacar que outras actividades tamén foron levadas a cabo en coordinación co Departamento de Orientación que xa están reflexadas na súa

memoria (mediación de conflictos, charlas afectivo-sexuais/emocionais, sensibilizacións con respecto a NEAE ou nen@s de acollida...).

19.4. Valoración das actividades realizadas

As propostas que se levaron a cabo foron satisfactorias, sen embargo, desde o Equipo de Convivencia observamos que a cantidade de actividades realizadas no centro é moi elevada e por iso valoramos que as propostas non tiveron a acollida esperada.

Tamén tiveron lugar moitas actividades de xeito que se veu afectada a vida diaria nas aulas, sobretodo nos cursos máis elevados, o que dificultaba realizar todas as propostas dos diferentes equipos de dinamización.

19.5. Propostas de mellora

- Facer unha selección previa e moi concreta das conmemoracións que se van a celebrar ao longo do curso por parte de cada equipo de dinamización e cales se levarán a cabo en colaboración entre as mesmas.
- Maior coordinación cos outros equipos de dinamización para non solapar actividades ou saturar o calendario de programacións.
- Ter en conta a programación dos distintos niveis para que non teña lugar saturación de actividades ou non afecte en demasía ao horario dos mesmos.
- Ten en conta que as actividades sexan adaptadas a TODO o alumnado con NEAE, respectando rutinas esenciais da súa vida diaria.

19.6. Anexos

ANEXO I

PROPUESTA 25 NOVIEMBRE DESDE EL EQUIPO DE CONVIVENCIA

-Acto conxunto o 25 Novembro no patio e no tempo de lectura : Aprender por parte do alumnado e profesorado a **canción** "Que nadie calle tu verdad" de Manuel Carrasco e Malú (o estribillo acompañase coa linguaxe de signos.)

<https://youtu.be/Oc3y2Ndzvds>

-Nas aulas, os alumnos **decoraran unha pluma** (adxuntamos plantilla). Obrigatorio que o borde se pinte en color lila. Con elas faremos un mural semellante o do enlace.

https://encrypted-tbn0.gstatic.com/images?q=tbn:ANd9GcQ49czGhNrzY6RC5sUKy6XxLbfOOxL_4CvW9Q&usqp=CAU

-Recursos

- [Por que o 25 de novembro?](#)
- [Acceso á carpeta con materiais e guías por cursos.](#)
- [Guía con actividades para EP.](#)
- [Artigo de Educar en con recursos para ELe EP.](#)
- [Guía na que se analizan situacións da vida diaria a partir de contos](#)
- [Actividades Prevención violencia de xénero](#)
- [Blog Orientación Andujar](#)
- [Educar en Igualdade](#)
- Recompilación de recursos da [Biblioteca do CEP Victor Sáenz](#)
- [Coeducación e Igualdade](#) . Recursos da Biblioteca Mestres Goldar
- [Lecturas para a Igualdade](#). Recollida feita pola Biblioteca Mestres Goldar
- Blog: [Estereotipos de xénero](#)
- [Cancións contra a violencia de xénero](#)
- [Guía didáctica 25N. ASPG](#)

ANEXO II

PROPUESTA 30 ENERO, DÍA DE LA PAZ, DESDE EL EQUIPO DE CONVIVENCIA

- Acto conjunto en el patio y en la hora de lectura: Aprender por parte del alumnado y profesorado la **canción** Paz, Paz, Paz de Juanes.
<https://www.youtube.com/watch?v=CT3ti7EQmOM>

-En las aulas, elaboración de un decálogo de clase con deseos de paz (en infantil con uno llegaría).

Se adjunta el **dibujo de una botella** en la que tendrán que escribirlos. Después se pegaran en unos murales que estarán en los diferentes pasillos del centro. Para el día 30, cada grupo/clase elegirá un alumn@/representante para que lea uno de esos deseos que han escrito en la botella, su deseo-emblema, ante todos los compañer@s en el patio.

ANEXO III



PROPUESTA 8 MARZO, DÍA DA MULLER, DESDE O EQUIPO DE CONVIVENCIA

-A nivel de aula:

Subúse o DRIVE unha carpeta con material para traballar o 8-M.
Contárase a biografía de Rosie a remachadora.
<https://www.enfemenino.com/feminismo/la-verdadera-historia-de-rosie-la-remachadora-s2361590.html>

-A nivel centro:

O 8 de marzo na entrada e na saída, no altavoz se escoitará a canción El Diluvi, E tí, so tí (con Sés) . Adxuntase enlace.
<https://www.youtube.com/watch?v=2QG95tmvatI>

Os nenos vendrán con pantalón vaqueiro, camisa vaqueira e un pañuelo roxo na cabeza. O que non teña que veña con roupa oscura.

Faremos un photocall como onde os nenos poderan facerse unha foto similar a do famoso poster de Rosie.

Opcional: cada clase pode facer un símbolo ou frase feminista e o pegara no mural photocall.

ANEXO IV

PROPOSTA 2 maio, DÍA internacional contra o acoso escolar, DESDE O EQUIPO DE CONVIVENCIA

As actividades propostas levaranse a cabo a semana do 3 ó 5 de maio, posto que o 2 é festivo.

-A nivel de centro:

Nas entradas e saídas, no altavoceiro se escoitará a canción "Se buscan Valientes".

Adxuntase o enlace

<https://www.youtube.com/watch?v=omZkxy3wU1c>

-A nivel de aula:

Visionarase:

*Cortametraxe LOU

<https://www.youtube.com/watch?v=8hgNwjTLMRw>

Enlace para traballar o corto.

<https://unapizcadeeducacion.com/2018/05/10/corto-sobre-bullying-lou/>

*Video "Non violencia" feito polo CEIP Rosalia de Castro de A Coruña.

<https://www.youtube.com/watch?v=RoiE0rLROM0>

20. Memoria do Equipo de Educación Infantil

20.1. Compoñentes

Compoñentes:

- a) María Menéndez Canosa. Titora 4º A
- b) Lorena Lamas Sánchez. Titora 4ºB (De baixa dende decembro por maternidade)
- c) Mónica Sánchez Gómez. Titora 5º A
- d) Lidia Boga Dans. Titora 5ºB
- e) Nuria González Díaz. Titora 6ºA
- f) Carmen Soledad Cabanas Costoya. Titora 6ºB
- g) Carmen José Díaz Castiñeira. Apoio. Secretaria.
- h) Gema Vázquez Candal. Apoio. Coordinadora de ciclo.
- i) María Teresa Pérez Bermúdez . Mestra especialista en Audición e Linguaxe.
- j) Melisa Rodríguez Álvarez. Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- k) María Yolanda Vázquez Lagares. Especialista en Lingua estranxeira.(Ata o mes de Maio)

O desenvolvemento do curso 2022/2023 pódese considerar o primeiro curso normal dende a pandemia do curso 2019/2020. Este curso remataron as medidas que se aplicaron durante os cursos pasados para frear o contaxio entre os membros da comunidade educativa.

20.2. Grao de consecución dos obxectivos

- Acadouuse unha adaptación e integración progresiva, principalmente daqueles nenos e nenas que se incorporaron por primeira vez ao centro, principalmente a través do Período de Adaptación.

Ao comezo de curso realizouse unha reunión coas familias do novo alumnado que completou a información dada ás familias en xuño pasado a través dunha presentación que intentou resumir e contestar as preguntas básicas que poden xurdir ao comezo da escolarización.

- Introduciuse ós/ás nenos/as no proceso de lectoescritura e a adquisición das primeiras nocións de lóxica matemática.
 - Cada titora incorporou o uso educativo das tecnoloxías na súa aula, integrando as tics no proceso de aprendizaxe. Empregouse, maiormente, a pizarra dixital, que desde este curso hai en todas as aulas de Educación infantil, facilita o achegamento a recursos e contidos, ademáis de poder realizarse actividades interactivas para desenvolver distintos contidos e procedementos. Neste sentido as PDI das aulas foron cambiadas pola Consellería no mes de Xuño.
 - Acadouuse unha boa coordinación entre as mestras do ciclo a través de reunións formais e informais.
 - Este curso o cambio da lei educactiva e ter que actualizar a documentación do ciclo con respecto á nova lexislación marcou o traballo do ciclo en todo o primeiro trimestre. A formación dada pola consellería para achegarnos á nova aplicación para facer a programación (PROENS) foi confusa e insuficiente. Esperamos que o próximo curso as premisas para as programacións e avaliación sexan máis claras e faciliten o traballo do equipo docente, en vez de restar tempo. Seguindo as premisas da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
 - Participouse activamente nas actividades recollidas no Plan do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Biblioteca, Departamento Orientación... Sempre que foi posible, intentamos volver a ter actividades conxuntas e volveron os recreos das 6 aulas sempre que os horarios das diferentes aulas o permitiron.
- Agosto e Samaín. Concerto a cargo de Ce e a orquesta Pantasma, xogos no ximnasio do centro e posterior reparto de castañas asadas coa colaboración de membros do Anpa. Os nenos e nenas viñeron disfrazados de temática do Samaín.

- Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

- Festival de Nadal . A cargo de Trapalladas Dulces eventos. Incluiu visita de Papa Noel a todas as aulas de Ed. Infantil.

- Contacontos para as aulas de 4º e 6º de educación infantil relacionado cos proxectos desenvolto en ambas aulas. Dous deles a cargo de Alicia Miranda, nai de alumnas no centro.

- Día da Paz. Actividades propostas polo Equipo de actividades extraescolares en colaboración do Equipo de Biblioteca.

- Entroido. Levamos a cabo un desfile polo entorno . Con disfraces confeccionados polas familias seguindo a temática do PDI

- Conmemoración do Día Internacional da Muller. Con diversas actividades segundo o nivel. Achegamento á figura de mulleres importantes en diversos ámbitos da cultura, deporte, ciencia...

- Día de Rosalía. Achegamento á súa figura e mural sobre a lingua galega

- Sensibilización da Once nos niveis de 5º e 6º de educación infantil.

- Día Mundial sobre o Síndrome de Down. Reflexión e posta en común a través de distintas lecturas.

- Día do Libro. Realización de contos relacionados coa temática do PDI para a participación no concurso convocado pola biblioteca escolar. Este ano realizáronse por nivel.

- Visita da autora e ilustradora Violeta Monreal no mes de maio, o que serviu para traballar as técnicas que ela usa para as súas ilustracións e tamén as súas obras nas aulas.

- Día das Letras Galegas. A nivel de aula fíxose un achegamento á figura de Francisco Fernández Del Riego.

- Día da Familia. Traballouse seguindo a temática do PDI, facendo un agasallo artesanal para as familias de cada nivel.
- Organización dunha xornada festiva para o día 21 de Xuño que incluíu degustación de xeados bio e xogos populares.
 - En canto a saídas complementarias, este ano volveu a normalidade previa á pandemia decidiuse volver a facer visitas a museos e outras actividades didácticas.
- Houbo visitas de todo o ciclo ao Museo de Belas Artes (A Coruña)
- Saída ao MUNCYT o nivel de 6º de Ed. Infantil.
- Visita a Gadis do nivel de 4º de Ed. Infantil.
- Visita ao Aquarium finisterrae do nivel de 5º de Ed. Infantil.
- Finalmente leváronse tamén se levaron a cabo as saídas do programa Coñecer Oleiros, organizada e subvencionada polo Concello de Oleiros.
- Asemade participouse na actividade do programa do Concello de Oleiros: Hortas Escolares. Achegamento á escola de Música. O Concello retomou a oferta de contacontos para as idades de 3 a 6 anos, feito que xa fora reclamado o curso pasado. Organizados por Normalización Lingüística asistíuse ao concerto de “Pakolas; Ramona Órbita” (todo o ciclo) e á obra de teatro “Hugo” os niveis de 5º e 6º de Ed. Infantil.
- Realizouse unha xornada de convivencia de todo o ciclo de Educación Infantil en Muíño Pedroso (Narón), o 5 de Xuño.
 - Neste curso foron acadados os obxectivos didácticos que se procuraban na materia de Lingua Estranxeira.
 - Este curso contamos cos especialistas de Música e Educación Física unha petición do ciclo dende hai varios anos, o que enriqueceu moito as aulas e que esperamos que siga nos cursos seguintes. Aínda que

sabemos que o horario no pavillón non chega para que todo o alumnado poida asistir a el. Algo que se solucionaría se o centro tivese o patio de infantil cuberto ou outro pavillón grande

- A coordinación co primeiro ciclo de Educación Primaria quedou incompleta, non houbo nin actividades ao final de curso para que os nenos e nenas coñeceran o novo espacio de primaria nin unha reunión conxunta para preparar o paso destes grupos á seguinte etapa.

20.3. Principais problemas detectados.

- a) Necesidade dun espazo cuberto no patio de Infantil e acondicionamento con materiais axeitados do mesmo. Despois de 8 cursos en funcionamentos e dende hai 3 curso co compromiso de cubrir a zona de goma do patio de infantil, seguimos sin contar con unha instalación básica para unha zona como Galicia, que facilitaría moito a organización dos recreos na época de inverno e incluso podería usarse para facer psicomotricidade. Pois o ximnasio do centro non ten horario suficiente para cubrir as necesidades horarios nin tan sequera do horario de Ed. Primaria.
- b) Carencia dun espazo de interior de uso común, aula polivalente de usos múltiples, psicomotricidade, aula de música...
- c) Durante este curso a dotación de material para a Lingua Estranxeira foi aumentando. Veremos a necesidade de mercar máis material, nomeadamente manipulativo e “*realia*” para o vindeiro curso.
- d) Aumento considerable do alumnado con NEAE nesta etapa, cada curso encontramos máis necesidades en todas as aulas, que vai dende transtornos leves no desenvolvemento xeral e no desenvolvemento da linguaxe a síndromes e transtornos máis complexos. Neste aspecto cremos que é básico que o Departamento de Orientación leve a cabo nos primeiros días do período de adaptación unha avaliación para a detección temperá de dificultades e necesidades. Unha avaliación inicial como indica a ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizaros datos e a

información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe

Neste sentido atopamos que a aula de 4º de Ed. Infantil A precisou un reforzo nos apoios no segundo trimestre pola incorporación dun alumno con diagnóstico de TEA, ademais de encontrar nenos e nenas con dificultade o desenvolvemento de autonomía, de linguaxe e de socialización nesta aula.

Fixo necesario tomar unha serie de tomas de decisión na organización do espazo do aula e un reforzo no horario de apoios nese aula, tanto por especialistas de PT e AL como por outros membros do claustro.

Os membros do ciclo cremos que no caso de este alumno as necesidades deben ser cubertas conforma a lexislación vixente tendo en conta as necesiades e características do alumnado.

20.4. Propostas de mellora.

- É imprescindible un espazo cuberto no patio de infantil, xa que o que hai o fai inútil nos días de choiva, do mesmo xeito que carece de espazos de sombra tamén moi necesario. Sería necesario que se incluíse no proxecto o cambio de balancín, pois o seu mecanismo supón un perigo e consideramos que no mercado existen modelos máis axeitados para un centro escolar.
- Sería preciso dotar a Educación Infantil dun espazo de uso común, aula polivalente, psicomotricidade, aula de música, artística... que tamén sexa válido para cando no se poda saír o exterior por motivos atmosféricos.
- Manter as hora semanais de apoio dentro do nivel que serviron para facilitar e ampliar a coordinación por nivel e poder manter unha axeitada e correcta intervención educativa entre as titoras. Consideramos este aspecto moi importante para acadar una coordinación fluída.
- En Lingua estranxeira houbo sesións de media hora en 4º de Educación Infantil e de hora completa en 5º e 6º, a petición da especialista é de que

sexa esta a dinámica para o curso próximo, para que non pase tanto tempo entre sesión e sesión. Sería moi desexable que estas dúas sesións por aula non sexan sempre no mesmo horario para poder traballar distintos momentos da xornada co vocabulario en inglés (saúdos, lavado de mans, merenda, recollida...) Por parte das mestras titoras ven máis axeitado que as sesións sexan dunha hora completa pois moitas veces o ter que vir a especialista dende primaria fai que se retrase a chegada ás aulas e polo tanto de media sesión en realidade as sesións quedan en 15 minutos útiles.

- A tardanza nos cambios de hora cos especialistas é un tema que ocorre en outras especialidades tamén e que dificulta a boa marcha dos horarios e rutinas (imposibilidade de ser puntuais nos apoios ou nas gardas ata que chega o especialista ou o apoio)

Todas consideramos que acabar o curso co grado de consecución de obxectivos e o grado de satisfacción, traballo e ilusión que observamos nos nenos e nenas que conforman o noso alumnado é todo un éxito e froito do esforzo de toda a comunidade educativa..

21. Memoria do Equipo do 1º ciclo de Educación Primaria.

21.1. Profesorado

- Titores/as :
Magdalena Alonso Franco (1 ºA)
Ana María Vázquez Vazquez (1º B)
Marta López Aranda (2ºA)
Silvia María Montes Fernández (2ºB)
- Especialista inglés : Luz Martínez Rico y Patricia Vázquez Fernández.
- Especialista E.F. : César Cofán Labrador.
- Especialista música: Patricia Sánchez Lamas.
- Especialista relixión: Ana María Botana Rivas y Carmen Fariña Pedreira.
- Especialista P.T. : Mª del Amparo Arias Cobreros, Noelia M. Franco Pena.
- Especialistas A.L.: Alba Puente Blanco e María Teresa Fuciños Castro.

21.2. Contextualización:

O 1º ciclo de E.P este curso académico funcionou con dúas liñas de 1º e dúas liñas de 2º.

No caso de **primeiro** a ratio de 25 alumnos . Os casos de NEAES son 2 xemelgos TEA severos en escolarización combinada que acoden ao centro dous días á semana; un alumno con implante coclear, deficiencia visual e botón gástrico con escolarización de 23 horas das 25 horas semanais e un neno diagnosticado con Fibrose quística e Síndrome de Tourette con xornada completa. Ademais obsérvanse numerosas dislalias de distinta nivel. A sumar a estes casos moi destacados de NEAES existen outros que precisarán de reforzo educativo o vindeiro curso.

As aulas de **segundo** contaron con 25 alumnos, conforman dúas clases con un número elevado de NEAES (Síndrome de Down, tres TEA.. ademais de

nenos/as con diferentes situacións asociadas que requiren non só individualización, senón reforzo por parte de especialista de PT, AL e titoras. O progreso do alumnado, en xeral, foi moi bo. É de vital importancia manter e aumentar estes apoios para o vindeiro curso académico. As intervencións de AL por dislalias déronse fóra da aula, e o resto dos apoios na propia aula, constituíndo para cada aula, tres apoios de AL e cinco de PT.

21.3. Desenvolvemento da programación:

Prácticamente todos grupos adquiriron un nivel de competencia á altura das expectativas de primeiro ciclo, nalgúns casos con certa folgura e noutros con moitas dificultades. Cabe salientar de novo, o enorme atranco que supuxeron as faltas de alumnado e profesorado durante a meirande parte do ano.

As titoras de primeiro realizaron formacións incluídas dentro do PFPP do centro. No caso do **Ámbito matemático** foi relativa ao [Robótica e Pensamento Computacional](#) e a formación relativa ao Polos Creativos lavado a cabo na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela e no caso do **Ámbito Combinado de Educación plástica e visual e Lingua galega e literatura** realizáronse formacións no devandito PFPP en Desenvolvemento das [Tecnoloxías Dixitais no ensino. Creación de vídeos educativo.\(Grupo de Traballo\) Creación Audiovisual \(Curso\)](#) e se proseguíu co grupo de traballo [Internacionalización do centro](#) adicado este ano á formación en Erasmus +. Tamén se realizou un curso de Pensamento Visual (Visual Thinking) do CAFI e se atendeu ás Xornadas galegas de línguas estranxeiras tamén do CAFI, para afondar no formación das aulas bilingües (Arts & Crafts) que se implimentaron neste curso nas catro aulas do primeiro ciclo.

21.4. Metodoloxía e medios

Habilitáronse as diferentes aulas tendo en conta os ámbitos impartidos en cada unha delas: Nos primeiros se impartiu o ámbito matemático e artístico, e nos segundos o ámbito científico e lingüístico (dotándoas do material necesario cada unha delas).

A metodoloxía compartida parte de fomentar o benestar emocional dos nenos e nenas, insistir na importancia de relacionarse dende o respecto e a escoita, ofrecendo tempos en asamblea que propician estes principios e contribúen a xerar pertencencia ao grupo. Os agrupamentos foron flexibles para fomentar a interacción adaptándose ás necesidades do grupo e das diferentes tarefas. En primeiro e segundo empregaron varios **taboleiros colaborativos dixitais (padlet)** onde recoller e estruturar os contidos a desenvolver durante o curso o cal está a disposición das familias.

No ciclo iniciámonos nunha **metodoloxía manipulativa matemática** que prima o razonamento lóxico e o cálculo mental a través de vivencias e situacións de aprendizaxe como o Mercado de Hogwarts onde alumnado tiña que facer a compra empregando euros, a actividade en conxunto co ámbito artístico Mini-Arquitectura, ou os obradoiros de medida en colaboración co ámbito científico, onde o alumnado de segundo curso exercía de titor/a e ensinaba o aprendido ao alumnado de primeiro acerca das diferentes unidades de medida (tempo, peso, volume e densidade)

Respecto das aulas bilingües que comezaron este curso nas catro aulas do ciclo, salientar que a creación das mesma deu lugar ao **Ámbito Combinado de Educación plástica e visual e Lingua galega e literatura** o que incidíu moi positivamente na mellora das competencias multilingüe e pluricultural do alumnado. A comparativa dos tres idiomas na aula nas dúas vertentes do ámbito orixinou unha riqueza lingüística e unha curiosidade pola mesma moi significativas. O alumnado amosouse cómodo co bilingüismo na aula, na que se utilizaron técnicas como o “translanguaging“ y “code-switching” propios da metodoloxía AICLE./CLIL. Os materias foron todos de elaboración propia e mesturaron a arte e as actividades e conmemoracións culturais e tradicionais galegas e alleas á vez que se vertebraban no PDI do centro. Elaboráronse dezaseis padlets ou taboeiros dixitais diferentes ao longo do curso. Estes taboeiros foron enviados ás familias, ben por mail ou entregados en formato QR. Para eso pegáronse os QR nas obras realizadas cando as levaban a casa,

ou se pegaron nas axendas do alumnado para poder consultalas e desfrutalas.



Tense que facer mención especial á Auxiliar de Conversa, Elizabeth Swank, que encaixoi de marabilla nas aulas e fixo un enorme esforzo en adaptarse ás circunstancias e ao alumnado, contribuíndo (sempre animada e de bo grado) ás actividades da aula de Arts e ás de Inglés. Compartiu e xerou material propio relativo a algunhas unidades en formato dixital que se engadía aos padlets correspondentes. O alumnado a aprecia moito e é tan recíproco que vai repetir connosco o vindeiro curso.

Como **material** principal contamos con:

- Bibliotecas de aula.
- Material manipulativo relativo a cada ámbito: reloxo, calendario, moedas, billetes, tangrams, regretas, policubos, regras, crebacabezas, xogos manipulativos, calculadora, xogos de lingua, material artístico, material científico, etc.

- Ordenador, un monitor interactivo “newline” ou PDI nas diferentes aulas onde crear e /ou visionar os diferentes recursos dixitais utilizados ao longo do curso: , vídeos, documentais, páxinas web, padlets, fichas interactivas, crebacabezas e xogos educativos propios...

- Pizarra blanca.

-Pizarra transparente na aula de Arts.

Destacamos que neste curso trascendeuse a barreira da aula e os pasillos e diferentes recantos do centro foron utilizados para as diversas actividades e exposicións do ciclo. Por exemplo, o recanto das escaleiras e corredor de subida foi o lugar onde se ubicou a instalación colectiva de todo ciclo baseada na artista xaponesa Yayoi Kusama e que se mantivo durante todo o curso escolar.

Tamén se romperon as barreiras da aula coas actividades ao aire libre tanto pola realización de “Lecturas compartidas na natureza” co alumnado de ambos niveles, a realización de actividades do ámbito matemático como a “masterclass de cubo de rubik” ou “xogos de pistas” e aulas mesturados como das “Pinturas do natural” onde alumnado de Arts gozou da privilexiada ubicación do centro para realizar bosquejos do natural.

Por outra banda e grazas ao espacio con escenario creado na aula de 2ºB e á boa disposición da súa titora, poidéronse levar a cabo moitas actividades de intergrupo, internivel e incluso interciclo, onde as grandes dimensións da aula e a súa versatilidade convertiron este gran espazo nun laboratorio de experimentación e creación de novas experiencias educativas moi enriquecedoras para todo o centro.

21.5. Plan de acción tutorial

Reunión grupal coas familias ao inicio do curso

- Reunións individuais cos pais/nais ao longo do curso, presenciais ou telemáticas.

- Recollida de información do equipo docente referido ao grupo de alumnos ou alumnas concretos.
- Acadar colaboración das familias nas diferentes propostas do centro e de titoría.
- Implicar aos mestres especialistas en sesións de avaliación contínua presenciais onde poder reconducir o que non funciona.

21.6. Implicación do curso nos diferentes plans do centro:

Participamos en diferentes actividades propostas polo colexio, polas familias, polo concello...Resultando moi positivas todas elas.

Plan de actividades complementarias e extraescolares: Participamos na realización das actividades promovidas polo EACE como Magosto e Samaín “Exposición de chapeus e degustación de castañas” ou a festa de fin de curso como I Nós Fest con actuacións, xogos populares e degustación de xeados. Esta dinamización colaborou coas diferentes dinamizacións (Lingua Galega e Biblioteca) nas festas a nivel centro como Entroido e o pasarúas, así como Letras Galegas “A Feira das letras”

Colaboramos aportando información e vivencias na revista dixital do centro: “Diario de Nós”

Plan lector: Coa finalidade de promover o hábito lector, tivemos a sorte de poder contar coa Visita de Violeta Monreal, tras traballar durante este curso o libro “ SOS se necesita unha sonrisa”... Foi centro motivador para todo tipo de actividades: Lecturas individuais e compartidas, escritura creativa, lettering, ilustracións, collage, creación de personaxes, asambleas...

Ademáis se trataron todo tipo de textos..incidindo tanto na traballo de escritor/a coma ilustrador/a.

Plan de Convivencia: Como apuntamos anteriormente, o benestar emocional foi o eixo que vertebrou o resto de aprendizaxes, mediante asambleas diarias traballamos: a escoita activa, a atención focalizada, o respecto polos demais, a tolerancia aos erros, a resolución pacífica de

conflictos e a idea de reflexionar antes de actuar entre outros valores importantes. De cara ao curso que vén sería desexable respectar as actividades consensuadas a principio de curso para realizar a nivel aula ou ciclo. E se fose posible que estean relacionadas coa dinámica do proxecto do centro.

Plan de Dinamización da Lingua Galega: De cara a fomentar o uso e coñecemento da lingua galega, aproveitamos dende o EDLG a semana das letras galegas, tendo presente a Francisco Fernando del Riego como a persoa seleccionada este ano para representar o Día 17 de Maio, non obstante destacan outro tipo de actividades nas que participamos como o reto de 21 días en galego.

Biblioteca: Ten un lugar especial dentro do noso día a día, xa non só pola biblioteca de aula, ou a propia do centro, senón polas achegas bibliográficas que traen os nenos e nenas da casa para compartir cos demais. Participamos en actividades promovidas pola nosa biblioteca como: os mandadiños do Meco “Arte sáns/sás”, un concurso literario polo día do Libro, ou “A Feira das Letras coa colaboración de EACE. Como novidade, este ano creouse un padlet de Bibliotecas Creativas:

<https://padlet.com/MartaMcgonagall/bibliion-s-creativa-v08dcps9mlar9jtf>

TICs: Modificaron a páxina web do centro, incluíndo o calendario mensual de actividades e incluíron o proxecto internacional eTwinning premiado pola Unión Europea. Preparouse unha actividade formativa sobre os dereitos de autor que se implementará o vindeiro curso. Asemade púxose ao día o blogue de proxectos europeos. Déronse de alta aulas virtuais e google classroom. Ademáis de contar co soporte técnico durante o curso.

D.O: As titoras do primeiro ciclo non nos sentimos comprendidas, apoiadas nin orientadas por este departamento.

A coordinación co departamento de Orientación este curso resultou extremadamente difícil. Encontramos moitos atrancos cando detectamos posibles novos casos nas aulas, e as demandas que lles realizamos non foron

atendidas nin escoitadas coa eficiencia que se lle presupón a un departamento destas características nunhas aulas como as nosas con tanta diversidade e tanta necesidade específica.

21.7. Avaliación

A avaliación de 1º ciclo fíxose valorando a actitude, o esforzo, o traballo, a participación, a autonomía e as características individuais de cada neno/a.

En xeral, os obxectivos foron acadados de xeito satisfactorio pola meirande parte do alumnado, excepto dous alumn@s que non promocionan. Non obstante, existen dificultades nalgúns alumnos/as que haberá que seguir de preto para o vindeiro curso mediante ACI e reforzo educativo. Nestes casos, se realizaron tutorías con todas as familias e se demandou na reunión de avaliación máis apoio específico. Á data de entrega desta memoria se segue a atender a familias e se prevé facelo ata que remate o mes de xuño.

21.8. Valoración final

Foi un curso moi irregular polas circunstancias sociais, faltas de asistencia, imprevistos... o que orixinou moitas dificultades na organización, programación..

Consideramos que a organización da programación por ámbitos foi un éxito, superando con creces os nosos obxectivos de principio de curso, aínda que sempre se poden mellorar algúns aspectos.

Disfrutamos moito da experiencia, e percibimos que tanto alumnado como as familias tamén o disfrutaron...e o máis importante a evolución de todo o alumnado foi moi positiva, optimizando talentos e intereses e compartindo actividades, propostas, espaios, tempos... mellorando o benestar individual e colectivo.

No mes de marzo realizamos unha enquisa ás familias para ver como vivían nas casas o traballo por Ámbitos e recoller suxestións e opinións.

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSd0BDMvm4hYrKL23_77OYzkvIPeDx88mB9hEIYeOeWoMkl1kw/viewform

Os resultados foron moito mellores aída do esperado como se pode consultar no seguinte documento enlazado:

<https://drive.google.com/file/d/153S4ecufQIYrZBmh791GZaVph-hakj-X/view>

Participamos nas xornadas de directores expoñendo a dinámica de ámbitos deste curso. Recibiuse con moi boa aceptación a exposición que fixemos da organización e mostra de actividades... o que nos anima para continuar coa experiencia iniciada este curso.

<https://www.canva.com/design/DAFhyUwjD68/wqGADh02-HYC5QkjL3-Tvg/edit>

21.9. Proposta de mellora

_Unha mellor xestión de tempos e espazos.

_Realizar máis actividades conxuntas dentro do mesmo nivel, internivel e interciclos.

_Unha mellor coordinación do equipo docente, para o que é imprescindible contar con tempo de calidade.

_Máis apoio de PT e AL para o alumnado con necesidades.

_Cumprir co calendario das festividades fixadas ao principio de curso repartidas por cada dinamización a nivel centro, ciclo ou curso.

_ Maior comprensión e respecto polas iniciativas, dinámicas e profesionalidade dos compañeiros/as.

22. Memoria do Equipo do 2º ciclo de Educación Primaria.

22.1. Profesorado

- Titoras/es : Patricia Fernández Ferreiro (substituída por Alba Gabriela Pírez Alonso) (3º A), Cecilia Romero Romero (substituída por Esteban Casas Vázquez) (3º B), Sandra Pazos Rañó (4º A), José Manuel Mosquera Novoa (4º B), Cristina María Bello Díaz (4º C).
- Especialista lingua estranxeira : María Luz Martínez Rico, María Yolanda Vázquez Lagares (substituta de María Luz, debido a licenza por estudos) (Terceiro A e B), María Ángeles López Barreiro. (Cuarto A, B e C).
- Especialista E.F.: David Rico Vidal.
- Especialista música: Amada Patricia Sánchez Lamas
- Especialista relixión: María del Carmen Fariña Pedreira.
- Especialista P.T. : Nerea García Bugallo
- Especialistas A.L.: María Teresa Fuciños Castro, Lorena Méndez Coira.

22.2. Contextualización

O 3º nivel de E.P este curso académico tivo dúas liñas: 3º A con 25 alumn@s, 3º B con 25 alumn@s. O 4º nivel de E.P este curso tivo tres liñas: 4º A con 19 alumn@s, 4º B con 17 alumn@s, e 4º C comeza con 18 alumn@s; pero queda con 17 por traslado de centrodun alumno.

O nivel xeral do alumnado é bo. Hai reforzos educativos dentro das aulas e reforzos de A.L e P.T. fóra das mesmas ().

22.3. Desenvolvemento da programación

Desenvolveuse con normalidade a programación didáctica, levando a cabo os obxectivos, contidos, competencias clave, estándares de aprendizaxe avaliáveis e criterios de avaliación para cada área curricular.

O grupo adquiriu un nivel de competencia á altura das expectativas destes niveis educativos, tendo en conta o cambio no proxecto educativo de centro, baseado en ámbitos.

Estes ámbitos/áreas foron: Lengua Castellana, Língua Galega, Matemáticas, Ciencias, Plástica e, como materia optativa, Obradoiro de comunicación oral.

22.4. Metodoloxía e medios

- Biblioteca de aula.
- Material manipulativo: reloxo, calendario, moedas, billetes, tangrams, regletas, policubos, regras, folletos, revistas, caderniños etc...(Todo este material de uso individualizado).
- Pizarra branca e proxector, vídeos, documentais, PDI.
- Libros de texto (lingua estranxeira).
- Material fotocopiado e de reforzón.
- DECA (nivel 3º e 4º).

22.5. Plan de acción tutorial

- Reunión grupal coas familias ao inicio do curso, presencialmente.
- Reunións individuais cos pais/nais ao longo do curso, presencialmente e telefónica.
- Coordinación do proceso avaliador.
- Recollida de información do equipo docente referido ao grupo de alumnos/as ou a alumnos/as concretos.
- Acadar colaboración das familias nas diferentes propostas do centro e de tutoría.

22.6. Implicación do curso nos diferentes plans do centro:

Plan de actividades complementarias e extraescolares: Neste apartado remitirémonos á memoria de actividades complementarias e extraescolares.

Plan lector: Coa finalidade de promover o hábito lector, tódolos días adicamos 20 minutos de lectura para a lectura libre. Empregaron libros da biblioteca de aula, libros da biblioteca escolar e os que traían @s nen@s da casa. Trátase de que os nenos e nenas adquiran gusto pola lectura e continúen este na súa vida privada, fóra da aula.

Plan de Convivencia: Ademais de remitirnos á memoria do Departamento de Orientación, dende a aula tratouse de fomentar un clima de respecto mutuo, incidindo no traballo de ensinar que as opinión alleas teñen a mesma validez que as propias e polo tanto deben ser escoitadas e valoradas como outra forma de pensar. Traballamos moito a idea de grupo clase como un todo. Era preciso que os cativos se decatasen que podían acadar obxectivos se traballaban xuntos cun fin común.

A resolución pacífica de conflitos tamén se traballou de forma importante, xa que son ferramentas fundamentais de convivencia, tendo como base a escoita, o respecto de quendas de palabra e a capacidade de poñerse no lugar do compañeiro/a.

Plan de Dinamización da Lingua Galega: De cara a fomentar o uso e coñecemento da lingua galega, aproveitamos dende o EDLG a semana das letras galegas, tendo presente a Francisco Delgado del Riego como a persoa seleccionada este ano para representar o Día 17 de Maio.

22.7. Actividades do segundo ciclo. Excursión fin de curso.

O equipo de segundo ciclo, coa finalidade de promover, fomentar e impulsar a participación de todos os membros da comunidade educativa (familia, institucións, asociacións), abriu as portas a:

- Facultade de Ciencias da UDC. (Alumnado da Simultaneidade de Bioloxía e Química).
- Fundación IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria Santiago de Compostela).
- EMALCSA (Neste 2023 a Empresa Municipal de Augas da Coruña cumpre 120 anos). Recibimos a visita dun químico para facer un Jar - Test.
- ANPANXOGA (recibimos a unha representante da Asociación Galega de Familias con Membros e Rapazada Xord@s ou con Discapacidade Auditiva).

- Interpretación , actuación, concerto, ofrecido por Luca (violinista e fillo da nosa compañeira, Sandra, titora de cuarto A).
- Excursión fin de curso: baixo o título “ un día de cinema ”, levamos ao alumnado do segundo ciclo a CINESA, para gozar dun pase privado con menú incluído, e visionar a película “ La sirenita ”. Temos que reflectir que a asistencia foi masiva, e a cooperación das familias, directa; polo cal manifestamos o noso agradecemento.

22.8. Avaliación

A avaliación de 3 e 4 foi continua, valorando a actitude, o esforzo, o traballo, a participación, a autonomía e as características individuais de cada neno/a.

No relativo ao grupo de 3ºA, o curso avanzou positivamente en todos os aspectos. Todo o alumnado acadou correctamente os obxectivos e competencias clave, a excepción de 4 alumnos/as:

2 alumnos/as con insuficiente na área de matemáticas, 1 na área de lingua castelá e literatura e lingua galega e literatura e 1 nas áreas de matemáticas, lingua castelá e literatura e lingua galega e literatura.

Deste alumnado, so 3 recibían apoio do profesorado de PT e AL, motivo polo que se precisa aumentar o apoios neste alumnado.

O ritmo do grupo foi positivo en todos os aspectos. Souberon traballar tanto de forma individual como en equipo, facendo un correcto uso da lóxica e resolución de problemas e dúbidas con espírito crítico. O nivel de competencia lingüística, tanto en comprensión como expresión oral e escrita, foi mellorando ao longo do curso cunha progresiva adquisición de vocabulario e estratexias para a expresión.

Por outro lado, a nivel xeral, o clima da aula foi moi bo, cunha relación positiva entre todo o alumnado. Nembargantes, deuse a excepción dun alumno con certas dificultades nas habilidades sociais, dando lugar a continuas conductas disruptivas co resto dos compañeiros e compañeiras.

En canto ás diferentes actividades realizadas ao longo do curso, xa mencionadas na memoria de Actividades Complementarias e Extraescolares, o

alumnado puido desfrutar de variadas actividades de carácter complementario dentro e fóra do centro educativo: a visita da ilustradora Violeta Monreal, a charla sobre autismo, visita de diferentes autores, saída ao cine... Así mesmo, tamén poideron participar en diferentes talleres como, por exemplo, certame literario de poesía creativa.

Na agrupación de 3º B observouse un proceso axeitado e exitoso no referido ao desenvolvemento das competencias clave. No resultado académico por áreas compre sinalar que o alumnado acadou o aprobado en todas as materias agás dous suspensos en Lingua Castelá e Literatura, un suspenso en Lingua Galega e Literatura e un suspenso en Matemáticas. En concreto, hai 23 alumnos con todo aprobado, unha alumna cunha única materia suspensa e outra alumna con tres materias suspensas. Chegados ao final do curso poder afirmarse que o alumnado de 3º B adaptouse ben ao novo sistema de traballo por ámbitos.

En xeral os obxectivos foron acadados de xeito satisfactorio. Hai dous alumnos que non promociona a 5º por non acadar os obxectivos mínimos de promoción.

En 4ºA, dos 19 nen@s, 17 aproban todo e dous non acadan os obxectivos mínimos da etapa, suspendendo as materias instrumentais lingua castelá, lingua galega e matemáticas, polo que non promocionan. Aínda así, hai que destacar que dous, dos catro nenos que recibiron apoio de PT e AL, de cara ao curso que ven, se continúa co seu apoio.

En 4º B, catorce alumn@s teñen todas as materias aprobadas, dous promocionan con unha asignatura suspensa e un con dúas. Polo que se aconsella tomar as medidas de reforzo pertinentes para paliar as dificultades amosadas por este alumnado.

No nivel de 4º C, hai un alumno que promociona, a pesar de acadar con dificultade os obxectivos en materias instrumentais e troncais. O equipo docente que incide neste grupo, coincide en depositar a súa confianza na familia e no reforzo educativo para paliar, atenuar e diminuír esta problemática.

Boa parte d@s alumn@s realizan os traballos de forma autónoma e utilizan habilidades básicas de aplicación cotiá, aínda que hai nen@s que precisan mellorar en canto a súa autonomía persoal. A maioría d@s alumn@s son

autónomos tendo en conta a idade e as capacidades propias do desenvolvemento cognitivo e motor para a idade, utilizando habilidades básicas de aplicación cotiá.

22.9. Valoración final

Podemos concluír dicindo que a consecución de obxectivos e competencias clave foi exitosa por parte do alumnado. Ademais, o grao de colaboración coa maioría das familias foi axeitado e a coordinación co equipo docente foi satisfactoria.

O proxecto educativo baseado en ámbitos, en Educación Primaria, donde @ titor/a imparte a meirande parte das asignaturas, é máis sinxelo de organizar. É fundamental fomentar a competencia lingüística, xa que a linguaxe será o noso medio de comunicación básico.

O equipo do segundo ciclo utilizou unha metodoloxía vinculada a:

- Aprendizaxe baseado en Proxectos.
- Aprendizaxe baseado en Retos.
- Aprendizaxe baseado en Problemas.
- Aprendizaxe baseado en Investigación.

Os beneficios do traballo por ámbitos, desde a nosa experiencia, son :

- Promove o traballo por competencias.
- Promove o desenvolvemento de diferentes habilidades.
- Outorga o protagonismo aos estudantes.
- Está máis vinculado aos intereses dos alumnos.
- É motivador. Fomenta a aprendizaxe cooperativa e colaborativa.

22.10. Proposta de mellora

Con todo, o traballo por ámbitos tamén presenta algúns retos :

- Require dunha adecuada formación docente.
- Require garantir unha cantidade mínima de sesións de cada titor co seu grupo.
- Require un alto nivel de coordinación docente.

- Valorar a proposta de que o material funxible aportado polas familias ao comezo
- Curso quede nas aulas a disposición do alumnado, sempre xestionado polo equipo
- Docente. Todo isto, coa finalidade de reducir as pérdidas de tempo derivadas da
- Perda ou do olvido de material no cambio de espazos.
- Require de investimento para a compra de material, especialmente de medios
- Tecnolóxicos.
- Será necesario facilitar os apoios para os alumnos/as que teñan dificultade.

23. Memoria do Equipo do 3º ciclo de Educación Primaria.

23.1. Contextualización

Número de unidades: 4

Número de alumnos:

5ºA

24 alumnos (12 nenas e 12 nenos - dous nenos e unha nena de nova incorporación no 3º trimestre-)

5ºB

22 alumnos (10 nenas e 12 nenos -un neno de nova incorporación no 2º trimestre)

6ºA

20 alumnos (13 nenas e 7 nenos - 4 nenas se incorporaron no 1º trimestre)

6ºB

19 alumnos (10 nenas e 9 nenos- incorporáronse dous nenos a principio de curso)

23.2. Profesorado que impartiu no grupo

TITOR 6ºA	José Luis Prada López
TITORA 6ºB	María José Regueira Martínez
TITOR 5ºA	Pablo Seijas Rancaño
TITOR 5ºB	Jorge Campos Mondelo
Lingua castelá e literatura	Paula María Fernández López
Lingua Estranxeira: Inglesa.	M. ^a Ángeles López Barreiro

E. Musical	Patricia Sánchez Lamas
E.Física	David Rico Vidal
Relixión católica	María Carmen Fariña Pedreira
P.T	Florencia Micol Carmona Dearriba Melisa Rodríguez Álvarez
A.L.	Nerea García Bugallo
Programa PROA+	Sara Eva Pazos González

23.3. Metodoloxía

Partiusese segundo o programado, dos coñecementos previos do alumnado, tratando de chegar á aplicación práctica dos coñecementos adquiridos.

Tomamos como referencia, os contidos aportados pola plataforma E-DIXGAL e tamén de materiais de elaboración propia aproveitando as posibilidades que nos dan as novas tenoloxías.

Empregamos o erro como instrumento de mellora, valorando o traballo diario, e a actitude en cada área.

Alternamos traballo dixital con traballo en papel como dous medios totalmente válidos de aprendizaxe.

Empregramos diferentes agrupamentos en función das necesidades da aula e dos contidos traballados.

23.4. Plan de acción titorial

- Celebrouse unha reunión inicial colectiva coas familias, a principios de setembro para expoñer as liñas xerais do curso.
- Mantivéronse reunións individuais coas persoas responsables do alumnado. Usamos tamén o correo electrónico e a plataforma ABALAR para o intercambio de información, tanto por iniciativa dos titores, como por iniciativa das familias.

- Celebramos as reunións perceptivas de avaliación co equipo docente de ciclo.
- Intercambiouse, de forma fluída, información entre o profesorado sobre o progreso do alumnado.

23.5. Desenvolvemento da programación

A programación desenvolveuse con normalidade, levando a cabo os obxectivos, contidos, competencias clave estándares de aprendizaxe avaliábeis (6º de EP) e criterios de avaliación para cada área curricular. Os grupos adquiriron un nivel de competencia á altura das expectativas desta etapa educativa.

23.6. Avaliación xeral do nivel

Grado de adquisición das competencias clave:

A- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A maior parte do alumnado é autónomo xa que planifica e toma decisións á hora de realizar un traballo, así mesmo unha gran parte do alumnado dos dous grupos amosa una actitude de esforzo persoal.

B.- Competencias sociais é cívicas/CPSAA

Todo o alumnado participa das actividades da aula e do centro, asumindo, a meirande parte, as súas responsabilidades.

C.- Aprender a aprender

A maior parte do alumnado reflexiona sobre as aprendizaxes que realiza e establece interconexións entre os distintos contidos.

D.- Comunicación lingüística e competencia plurilingüe

A maioría do alumnado fai unha lectura fluída e cun ritmo axeitado, son capaces de comprender o que len e recoñecer as ideas principais e secundarias en textos narrativos.

O caudal léxico é moito maior en lingua castelá que en lingua galega, o cal repercute na destreza de expresión oral. Ás veces cústalles interpretar os temas escoitados e expresarse debidamente á hora de relatar algo xa dito anteriormente de xeito oral, non sendo tan evidente na escrita.

Na destreza de expresión escrita precísase máis práctica de cara a aumentar o grao de desenvolvemento nesta competencia.

Gramática:

Adquiriron os contidos do curso de xeito satisfactorio, pero amosan certa dificultade á hora de poñelo en práctica.

E.- Competencia dixital.

O grao de desenvolvemento nesta competencia é alto. O emprego das NNTT na aula é unha actividade cotiá.

F.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía/STEM

Len, escriben e ordenan diferentes tipos de números.

Son quen de facer operacións básicas de xeito autónomo.

Coñecen as unidades de medida e non teñen dificultade á hora de transformalas por múltiplos o submúltiplos.

Manexas as nocións de simetría, perímetro , área e volume.

Estiman a probabilidade dos problemas prantexados e son quen de realizar e interpretar gráficas sinxelas.

Obsérvanse algunha dificultade na resolución de problemas. Iniciáronse nas operación con números decimais e fraccións.

G.- Conciencia e expresións culturais.

A gran maioría dos alumnos representa ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que as linguaxes plástica, visual e musical lles proporcionan. Recoñecen e valoran, en diferentes graos, as manifestacións artísticas e culturais do mundo actual e doutras épocas.

Estatística dos resultados

Etapa Educación Primaria							
<i>Alumnado</i>		<i>Promociona</i>		<i>Repíte</i>			
A	B	A	B	A		B	
20	19	20	19	0		0	
<i>Con áreas suspensas</i>		<i>Todo aprobado</i>		<i>Alumnos que recibieron distintos apoios</i>			
A	B	A	B	P.T.		A.L.	
3	2	17	17	A 2	B 1	A 0	B 0

Análise dos resultados:**1. Grao de cumprimento dos obxetivos :**

Os obxetivos foron acadados en todas as materias, todo o alumnado do nivel promociona. Respecto a ACS a evolución foi moi satisfactoria.

2. Características máis relevantes.

Son catro grupos bastante heteroxéneos. O alumnado de nova incorporación foi moi ben acollido.

23.7. Dificultades atopadas

Os aspectos nos que houbo que insistir máis foi en atención na clase, no pensamento lóxico, nos hábitos de estudo e na autonomía persoal.

23.8. Implicación do ciclo nos plans do centro

Plan de actividades Extraescolares e Complementarias

En reunión do 3º ciclo decidimos participar este ano nas saídas e actividades propostas por este equipo, polo que se levaron a cabo saídas a nivel cultural, medioambiental... tivemos charlas sobre os perigos de internet, acoso, crecemento socioafectivo... que resultaron moi beneficiosas e enriquecedoras para o alumnado.

Plan TIC

Participación en E-DIXGAL.

Os alumnos buscaron información, elaboraron traballos e afianzaron distintos contidos coa axuda do portátil.

Plan lector

O alumnado do nivel implicouse nas actividades propostas. Fixemos diferentes actividades relacionadas cos diferentes tipos de textos da nosa literatura, tanto galega como castelá.

Ademais, o alumnado participou no certame de literatura do terceiro trimestre.

Plan de dinamización de L. Galega

Participaron nas distintas actividades relacionadas coas Letras Galegas en homenaxe a Francisco Fernández Del Riego, tanto a nivel de Centro como as ofertadas polo Concello.

Plan de autoprotección

Explicouse o Plan de Autoprotección do centro e como deben de actuar en caso de emerxencia.

Plan de convivencia

- Celebramos o Día da Paz tanto a nivel de centro como de aula.
- Nos grupos houbo de convivencia que se foron resolvendo aplicando as medidas disciplinarias que aparecen no NOF do centro.

- Participamos en diversas charlas e actividades propostas polo departamento de Orientación relacionadas con internet, acoso escolar, diversidade e inclusión entre outras.

23.8. Propostas de mellora

- Posibilidade de aumentar as horas de coordinación por niveis e por ámbitos.
- Solicitar máis persoal de PT e AL para poder cubrir de forma satisfactoria todas as necesidades do centro.
- Favorecer a participación de expertos como fonte de motivación e información para desenvolver o traballo na aula.
- Mellorar a coordinación interciclos como medio para facilitar un traballo máis coherente.
- Mellorar os canles de comunicación do Claustro para mellorar a coordinación entre ciclos, niveis, ámbitos...
- As actividades extraescolares deberían ser debatidas e aprobadas no Claustro co fin de mellorar a súa organización e posta en práctica.

24. Memoria de Educación Física

24.1. Educación física 1º ciclo: César Cofán Labrador

Introdución

O presente documento é as memorias do área de Educación Física correspondentes ao curso 2022/23. Un curso marcado pola desaparición das medidas instaladas durante a pandemia e recuperando a normalidade en moitos aspectos do noso traballo.

O mestre de Educación Física ao principio de curso elaborou as programacións didácticas para os dous cursos de 1º e os dous cursos de 2º de Educación Primaria, estas programacións didácticas desenvolvéronse tal e como establece o Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, cumprindo tamén o establecido na Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que amplía, deroga e modifica parcialmente á Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación (LOE) e o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia

Estas programacións e todas as unidades didácticas desenvolvidas, foron elaboradas cumprindo cos obxectivos e contidos establecidos no Decreto do currículo e colaborando na adquisición das competencias clave.

Aspectos didáctico - pedagóxicos

De forma xeral, podemos afirmar que todos os obxectivos expostos para todos os niveis dentro das programacións foron acadados. O grado de desenvolvemento dos contidos e adquisición por parte do alumnado foi moi satisfactorio.

Entendemos que a programación é un documento dinámico, flexible e que ten que ir cambiando en función das necesidades que podan xurdir ao longo do curso. Fixemos varias modificacións para favorecer o desenvolvemento de diversas unidades didácticas programadas, tanto no material utilizado, como nos grupos establecidos, como en certas metodoloxías.

Traballamos de forma global e entendendo de forma integral ao alumnado. Desenvolvemos aspectos relacionados directamente coa psicomotricidade, buscando que mellores o seu esquema corporal, percepción espacial e temporal, o equilibrio, praxia grosa e fina, lateralidade, as habilidades básicas (desprazamentos, saltos xiros,...). Facendo tamén un traballo específico da expresión corporal, na práctica de xogos tradicionais e desenvolvendo unha rutinas durante a práctica deportiva e medidas hixiénicas ao seu remate.

Metodoloxía.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro defínea como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Os métodos utilizados nas nosas clases buscabann a creación de ambientes de aprendizaxe, facendo propostas de espazos, materiais, xogos,...encamiñados ao descubrimento, por parte do alumnado, de movementos eficientes e satisfactorios.

Decreto 155/2022, de 15 de setembro, dinos que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixidaao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención aodesenvolvementode metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución

de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender en por si,fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientaciónspedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas.

A metodoloxía da área de Educación Física é diferente ao das demais áreas, debido a unha serie de aspectos, que segundo Delgado Noguera, serán:

- Lugar onde leva a cabo, o que dificulta a organización
- Maior comunicación entre o alumnado e o profesor
- Imposibilidade de aplicar os mesmos obxectivos a todo o alumnado
- Ademais do papel do profesor

Os estilos de ensino, seguindo a MuskaMosston, utilizados nas nosas sesións serán:

- Mando directo modificado: o profesor organiza toda a actividade (obxectivos, materiais, contidos, ...) e principio, final e ritmo de traballo nas distintas actividades. O alumno límtase a executar as actividades marcadas polo profesor. O esquema deste estilo é: Demostración- Explicación- Execución-Avaliación.
- Asignación de Tarefas: a organización é a mesma que no mando directo, pero hai diferenzas na execución, xa que se lle dá máis responsabilidade ao alumnado, que decide o ritmo de traballo, dándose un ensino máis individualizado. Adoita ser traballo en circuío.
- Ensino Recíproca: traballo en parellas, no cal un traballa e o outro observa e corrixe seguindo directrices dadas polo profesor. • Ensino en grupos reducidos: distribuíndo en grupos de 4 ou 5, onde asumen diferentes roles, favorecendo a socialización.
- Descubrimento Guiado: o profesor propón unha tarefa, o alumnado debe descubrir en por si a solución, guiado por unha serie de preguntas, pero nunca se lle dará a solución.
- Resolución de Problemas: o profesor expón un problema con diversas solucións, dando liberdade ao alumnado para explorar en por si. Trabállase de igual que método anterior.

Avaliación

Seguindo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bachelato no sistema educativo de Galicia, esta ten que ser global e continua, tendo en conta o progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias crave. Valorando tanto as aprendizaxes do

alumnado, como os procesos de ensino e nosa propia práctica docente, establecendo indicadores de logro.

Este proceso de avaliación foi realizado en tres momento clave do proceso de ensino e aprendizaxe, é dicir: Antes, durante e ao final. Sendo 3 as fases da avaliación continua: Inicial, Formativa e Final.

A avaliación inicial, tal e como indica a Orde citada anteriormente, realizou durante o primeiro mes. Todo iso coa finalidade de adecuar os ensinos ao alumnado e facilitar a progresión adecuada do seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Os procedementos e instrumentos empregados foron:

- **Procedementos:** Observación sistemática, análise das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas, cuestionarios.
- **Instrumentos:** Escalas de observación, listas de control, diario de clase, rexistro anecdótico, Rúbricas, escalas de valores, cuestionarios de avaliación da VDE, protocolo DAFIS e outros test estandarizados.

Necesidades das instalacións e materiais deportivos.

Destacar que aínda que o ximnasio e de nova creación e está ben deseñado, a súas dimensións son reducidas e insuficientes para poder desenvolver todas as actividades programadas.

Contamos tamén con unha pista exterior, pero ao ser descuberta temos unha importante limitación que é a meteoroloxía e nun concello como este, onde a media de días de chuvia de máis de 170 ao ano, vemos que non se pode utilizar sempre que o necesitamos.

Ademáis, en Primaria temos 13 grupos o que implica 26 horas de Educación Física á semana, o que impide que todos os grupos teñan a súa disposición o ximnasio, sen contar as 6 horas de Educación Infantil, que non dispoñen de instalación para desenvolver as clases de psicomotricidade.

En canto ao material, está bastante limitado en canto a variedade e número. Este curso comprouse material específico e tamén elaborouse outro con material reciclado. Esperamos que nos próximos cursos o material sega aumentando, aínda que hai que enfrontarse a dificultade de non ter espazo suficiente para almacenalo.

Actividades complementarias e extraescolares.

Este curso, non participamos nas actividades ofertadas por o Concello de Oleiros, que eran moi interesantes para o alumnado, pero foi imposible encaixalas dentro do horario escolar, xa que os horarios por ámbitos e os horarios de ximansio, dificultaban o poder encaixar ditas actividades e cumprir os criterios marcados polo Concello.

Valoración final

A valoración, en xeral, é positiva pero pensamos que temos amplo marxe de mellora e tentaremos que a implicación do alumnado sexa maior no próximo curso, para poder ampliar a oferta de actividades físicas e deportivas.

Como aspecto máis preocupante é a falta de espazos axeitados para a práctica deportiva e resguardados das inclemencias do tempo, xa que é unha zona de vento, humidade, choiva e moitor calor nos últimos meses do curso. O horario de ximnasio é totalmente insuficiente e aínda que hai o compromiso de construción dun novo pavillón, non chegará para o próximo curso.

25.2. Educación Física 2º e 3º ciclo: David Rico Vidal

Introdución

A seguinte memoria corresponde ó curso escolar 2022/23. No desenvolvemento do presente curso o referente básico foi a programación didáctica, a cal recolle os obxectivos a acadar, e os contidos necesarios para alcanzar eses obxectivos, así como as competencias clave, e os criterios de avaliación axeitados para comprobar o grao de consecución dos citados obxectivos e competencias.

Todo estruturado de xeito que o desenvolvemento do curso resultase o máis axeitado posible tendo en conta materiais e instalacións existentes no centro, así como o grupo de alumnos e alumnas. A partires desta planificación deséñanse un conxunto de unidades didácticas co fin de que o alumnado acade os obxectivos establecidos dunha maneira satisfactoria. Deste xeito dende a área de Educación Física contribuímos ao correcto desenvolvemento das competencias clave.

Aspectos didácticos

Foi este un curso de transición á “nova normalidade”. Durante $\frac{3}{4}$ partes do mesmo, as restricións por mor da pandemia mantivéronse no seu nivel máis alto, o cal dificultou moitas das actividades, máxime cando o noso centro ten moitísimas carencias a nivel de espazos e infraestruturas.

A volta á “normalidade” e a desaparición das burbullas, contribuíu á unha mellor xestión dos espazos e recursos dos que dispoñemos. Con todo, custará un tempo que o alumnado asuma esta normalidade e recupere niveis de relación social que, a tal hora, seguen baixo mínimos.

Como é costume xa, é preciso volver mentar as carencias estruturais do centro, que nuns casos imposibilitan e noutros dificultan desenvolver a programación segundo o establecido, co cal seguimos traballando cun plan A e B no caso de que non podamos seguir a desenvolver actividades, xogos ou predeportes que requiren da utilización da pista exterior. Obvia suliñar o xeito en que isto afecta ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Metodoloxía.

A metodoloxía empregada durante as sesións de Educación Física estivo sempre condicionada polo tipo de obxectivos a acadar e as competencias clave a desenvolver durante a mesma. A nivel xeral, os estilos metodolóxicos que se utilizaron respectaron os seguintes principios:

Unha metodoloxía **activa**, onde o alumnado é o principal protagonista das súas aprendizaxes; **flexible**, xa que axustamos as propostas e esixencias ao nivel e ritmo de aprendizaxe do noso alumnado; **participativa**, en canto que favorecemos o interés colectivo, o traballo cooperativo, o compañeirismo e

evitamos no posible as propostas excesivamente competitivas ao tempo que tentamos dirixir dita competitividade cara a superación e o esforzo persoal; **integradora**, permitindo que todos e cada un dos nosos alumnos/as podan participar e desfrutar ao máximo o desenvolvemento das sesións; **estimulante**, con propostas que persiguen a produción de respostas individuais e espontáneas, escapando na medida do posible dos estereotipos e os modelos fixos e repetitivos; e fundamentalmente, unha metodoloxía **lúdica**, co xogo como marabilloso recurso motivacional e principal canle para acadar os obxectivos da área.

Os estilos de ensino que se utilizaron estiveron suxeitos ao tipo de actividade a realizar, tratando sempre de que estes foran os máis axeitados en cada momento. Son os seguintes:

- Mando directo
- Descubrimento guiado
- Resolución de problemas
- Ensinanza recíproca
- Asignación de tarefas

Avaliación

A avaliación que se fixo durante todo o curso foi global, continua, formativa e integradora tendo en conta os progresos individuais de cada neno/a comparándoos co nivel inicial de cada un deles/as ao comezo do curso.

Para levala a cabo utilizáronse diversos instrumentos de avaliación como a observación directa, as escalas de valoración, os rexistros anecdóticos, ...os cales permiten a recollida de datos dunha forma sistemática ao longo de tódalas sesións en canto ao comportamento motriz, actitudinal e cognitivo do alumnado.

Instalacións e material

Cabe salientar neste apartado que o centro continúa a presentar deficiencias moi salientables que repercuten negativamente no traballo da área de Educación Física. É imprescindible que teñamos unha pista cuberta dado que o

ximnasio é de dimensións moi reducidas e condiciona totalmente o traballo, xa que resulta imposible impartir unidades de gran grupo e iniciación deportiva, facéndonos completamente dependentes da climatoloxía. Facemos ímprobos esforzos por adaptarnos ó limitadísimo espazo, pero o centro medra continuamente, e cada vez resultan máis evidentes as carencias estruturais. Incomprensibles nun centro de tan recente construción.

No referente a materiais, curso tras curso imos incrementando o inventario, condicionado, tristemente, por non ter dependencias onde gardalo de forma organizada e afastado de usos indebidos.

Actividades complementarias e extraescolares.

Dende a área de Educación Física fixémonos cargo ó longo do curso do **PFPP “O deporte como estratexia de convivencia”**, unha ocasión perfecta para volver poñer en marcha os campionatos de deportes alternativos que viña desenvolvendo noutros centros.

Deste xeito, e dende o mes de outubro, levamos a cabo un campionato de Alien (entre o primeiro e o segundo trimestre) e un de Voleitenis (no terceiro trimestre).

O feito de que durante gran parte do curso se mantiveran os grupos burbulla, dificultou a programación do primeiro dos campionatos, xa que a premisa era evitar que se misturasen as aulas (todo o contrario do que resultaría desexable nunha situación normal).

Todas as actividades desenvolvidas, así como a súa temporalización e rexistros de participación, constan no blog do departamento www.campeonatosef.blogspot.com.

O grao de consecución dos obxectivos superou tódalas expectativas, e podemos afirmar que sementamos unhas actividades que pretenden chegar a ser tradición no noso centro.

25. Memoria de Lingua estranxeira

25.1. Contextualización

Esta materia foi impartida en trece cursos de Educación Primaria e seis cursos de Educación Infantil por tres mestras distintas, xa que dúas delas estaban no centro a tempo parcial.

Este curso tamén contamos cunha auxiliar de conversa, como parte do Programa de Seccións Bilingües no noso centro escolar. Participaba nas aulas de *Arts* do primeiro ciclo (unha sesión semanal en cada un dos catro cursos do ciclo) e na metade das sesión de Inglés destes mesmos cursos (1 sesión / semana)

25.2. Desenvolvemento da programación

Seguíronse as liñas da programación didáctica en canto a obxectivos, contidos, competencias básicas, criterios de avaliación e atención á diversidade.

25.3. Consecución dos obxectivos propostos

A adquisición dos obxectivos propostos estivo baseada na competencia comunicativa básica que lle permite ao alumnado expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás así como na atención ao benestar emocional do alumnado. En termos xerais, foron acadados pola maioría do alumnado.

Respecto á etapa de Ed. Infantil, houbo un reducido número de alumnado que está “en proceso” de acadar os obxectivos comunicativos previstos por diversas razóns.

En primaria, as habilidades de listening, reading, speaking e writing son acadadas de xeito positivo. Nos cursos impares, seguiuuse o currículo da lei LOMLOE mentres que nos cursos pares aínda estivo vixente o currículo da lei anterior.

1º e 2º . No curso de 1º, o “writing” foi traballado de maneira intuitiva, dado que o alumnado aínda estaba iniciando o proceso lecto-escritor na súa propia lingua. Coa colaboración da auxiliar, leváronse adiante actividades de “speaking” en pequenos grupos

O alumnado de incorporación tardía traballou de forma individual e adaptada ás súas circunstancias persoais, xa por vir de países onde o inglés non se introduce ata 3º ou por ser alumnado de NEAE non acadaban os niveis.

4º/ No curso de 4º, acadouse toda a materia e foi superada polo 100% do alumnado.

5º/ 6º / / Nestes cursos utilizouse Edixgal, constatando que os alumnos acostumbráronse a facer as actividades no ordenador e logo escribir un texto na libreta supónlle moito esforzo.

25.4. Metodoloxía e medios

Empregouse un enfoque sistemático e equilibrado do aprendizaxe da nova lingua, tendo en conta as distintas competencias e variados estilos de aprendizaxe, con contidos motivadores e significativos que se apoiaron nos coñecementos previos:

- Aprendizaxe centrada no alumno. Aproveitase a necesidade de comunicación para introducilos na competencia comunicativa noutra lingua. Fornecemos o proceso de auto-coñecemento e auto-avaliación por medio da avaliación crítica e a valoración do plurilingüismo coma una vantaxe cultural e social.
- Aprendizaxe centrada no significado. A énfase recae no propósito comunicativo da nova lingua. A presenza da auxiliar de conversa supuxo un acicate importantísimo para una aprendizaxe significativa e real.
- A aprendizaxe a través das experiencias, cancións, textos, xogos, historias; en xeral, propostas audio-visuais que atendan ás intelixencias múltiples do alumnado.
- Integración das destrezas básicas a través dun vocabulario próximo ao alumno
- Diversos niveis de aprendizaxe, de maneira que cada actividade tratouse con distinto nivel de profundidade e desde diversas perspectivas pedagóxicas
- Diferentes tipos de agrupamentos dependendo do tipo de actividades: gran grupo, grupo pequeno, parellas, traballo individual

- Aprendizaxe autónoma para o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender.

Materiais

- Libros de texto da editorial Oxford
- CDs de Audio / DVDs
- Flashcards / Wordcards / Posters
- Smartboard
- Material Dixital interactivo: EdixGal
- Outros materiais impresos coma contos, dicionarios, revistas, cómics, libros de lectura....
- Xogos educativos coma dominós, bingos, crebacabezas...
- .

25.5. Implicación da materia nos diferentes plans do centro

Plan de actividades complementarias e extraescolares

Efemérides e celebracións destacadas tiveron cabida na programación da asignatura: Halloween, Christmas, Easter, Saint Patrick`s day, St.George, St. Andrew, St. David...

Plan TICs

Ofreceuse un enfoque innovador das novas tecnoloxías que se integran na aula xa que utilizamos un método dixital interactivo off line con CDs, DVDs e pizarra dixital e tamén nos conectaremos *on line* para buscar distintos recursos para a aprendizaxe das linguas (programas de software específico, páxinas web...). Edixgal en 5º e 6º

Deste xeito, intentamos favorecer á alfabetización dixital, tamén en colaboración cos proxectos do equipo de TIC e o equipo de biblioteca, e desenvolver a competencia dixital.

Plan Lector

As lecturas na aula de Inglés fixéronse nos “big books” (para os mais pequenos), o encerado dixital ou a Internet. Para os demais (primaria):

- Lectura en voz alta de textos (“Reading time”)
- Lecturas dramatizadas.
- Role plays
- Lectura individual de libros adaptados por niveis

Plan de convivencia

Participamos nas actividades de todo o centro tratando de por en práctica a educación en valores e as ensinanzas actitudinais que forman parte de todas as áreas de aprendizaxe, contribuíndo así á consecución das competencias sociais e cívicas.

25.6. Propostas de mellora

- A ser posible as horas de lingua estranxeira non deberían ir na última sesión para o mesmo curso, xa que estas son algo mais curtas e a atención do alumnado xa está moi dispersa. Ademais, o profesorado do primeiro ciclo insistiu varias veces na vantaxe de ter as especialidades na primeira sesión da mañá.
- Continuar coas ACIs e reforzos deste curso e por en práctica as novas. Considerar a posibilidade de aumentar os R. E. fóra do espazo da aula, en pequenos grupos e coa axuda da auxiliar de conversa.
- Facer as necesarias reunións de nivel e fornecer a comunicación entre as mestras de inglés e as titoras por mor dunha coordinación ben efectiva
- É imposible de adiar máis a creación dunha aula específica para a lingua inglesa, como elemento favorecedor no proceso de ensino-aprendizase. Un espazo físico propio fai que os alumnos coñezan e asuman unha nova cultura, de forma que esta materia deixa de ser un mero obxecto de estudo, para converterse en un instrumento de socialización ao servizo dos alumnos coma grupo.

Posibilitar a flexibilización de tempos e agrupamentos para as sesións de inglés do vindeiro curso, de xeito que se poida atender debidamente a aquel alumnado con claras dificultades na aprendizaxe desta lingua.

26. Memoria de Educación Musical

26.1. Docente(s) ao cargo da área:

Tanto a parte musical da área de Educación Artística (2º, 4º, 6º EP) como a área de Música e Danza (1º, 3º, 5º EP) así coma achegamentos musicais na área de Comunicación e Representación da Realidade en Educación Infantil foron impartidas durante o curso 2022-2023 pola docente A. Patricia Sánchez Lamas a razón dunha sesión semanal por aula.

26.2. Contexto xeral

Alumnado

4º EI A: 17 alumnos/as	1º EP B: 25 alumnos/as	4º EP C: 17 alumnos/as
4º EI B: 15 alumnos/as	2º EP A: 25 alumnos/as	5º EP A: 24 alumnos/as
5º EI A: 21 alumnos/as	2º EP B: 24 alumnos/as	5º EP B: 22 alumnos/as
5º EI B: 20 alumnos/as	3º EP A: 25 alumnos/as	6º EP A: 20 alumnos/as
6º EI A: 20 alumnos/as	3º EP B: 25 alumnos/as	6º EP B: 19 alumnos/as
6º EI B: 20 alumnos/as	4º EP A: 19 alumnos/as	
1º EP A: 25 alumnos/as	4º EP B: 17 alumnos/as	

26.3. Metodoloxía e medios

No tocante ao aspecto metodolóxico, as programacións remítense en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo e nas orientacións pedagóxicas, ademáis téñense en conta aspectos coma a aprendizaxe globalizada e permanente, os coñecementos previos coma punto de partida así coma intereses e contorna próxima coam orixe da aprendizaxe. Valórase a flexibilidade na aplicación da programación, o alumnado coma centro do proceso e coma axente activo preciso.

Un ano máis reflíctese a importancia da aula específica para o desenvolvemento da área así coma todos os materiais e recursos (solicítouse material específico da área á Consellería en termos e prazos xa que os instrumentos son insuficientes para o número de alumnado por grupo mais a solicitude non foi atendida).

Salientamos a creación dun espazo específico para o laboratorio de radio coma determinante para certas dinámicas desenvoltas. A música e educación musical demostraron novamente o seu poder coma experiencia educativa de calidade para o desenvolvemento de todas as competencias, a creatividade e iniciativa e tamén para o benestar emocional.

26.4. Desenvolvemento da programación:

As programacións obtiveron un grao de desenvolvemento de entre o 90 e 100%. Valórase especialmente de xeito moi positivo o desenvolvemento das programacións que inclúen unha narrativa creada pola docente para o trascorrer do curso así coma a integración nas programación do Proxecto Documental Integrado do centro (PDI) “Arte-sás e artesáns”.

26.5. Avaliación

A avaliación xeral é positiva. No tocante á avaliación do proceso de aprendizaxe o 99.75% do alumnado acadou unha calificación igual ou superior ao 5 na avaliación ordinaria tendo en conta as adaptacións realizadas e, o incremento no desenvolvemento das competencias tamén é positivo. Con respecto á avaliación do proceso de ensinanza esta é positiva e así se reflicte tanto en listaxes e diarios de autoavaliación coma na avaliación e apreciacións realizadas polo alumnado aínda que en educación sempre hai novos horizontes e retos que acadar e melloras que implementar.

Aspectos máis salientables

- Valórase positivamente o material didáctico creado pola docente e mediado polo audiovisual para o desenvolvemento das experiencias educativas e competencias con todo tipo de alumnado por favorecer as dinámicas a motivación e a inclusión.
- Valórase moi positivamente a integración do PDI na área, feito que se procurará sempre e cando o PDI poida vencellarse á mesma (artes, literatura, lingua, tradición, contorna...)
- Valórase moi positivamente o fomento do uso da lingua galega e o seu recoñecemento que a área e as súas vertentes promoven no alumnado así coma o coñecemento cultural que comporta. Un curso máis as

marxes de mellora son amplas e sempre hai novos horizontes mais a música e a educación musical demostraron unha vez máis ser máis que unha (ou media) área do currículo ao servir de aprendizaxe pero tamén de catarse, esparcemento, conduto emocional, desenvolvemento de competencias e capacidades, etc.

26.6. Dificultades atopadas

As principais **dificultades** derivan de tres aspectos:

- A ratio alummo/a / mestras e dispoñibilidade horaria.
- tempo semanal que o currículo vixente adica á área artística en xeral e musical en particular e, por tanto, o tempo semanal que a docente ten con cada grupo.
- reducido e limitado dos espazos do centro en relación á ratio.

26.7. Propostas esenciais ao vindeiro curso

Propostas esenciais ao vindeiro curso:

- Mantemento dunha aula específica para o desenvolvemento da actividade musical co material preciso para o desenvolvemento das experiencias educativas de calidade.
- Solicitude (de novo) de material didáctico á Consellería (instrumentos) sendo os existentes insuficientes para o número de alumnos/as por aula.
- Replicar o formato proxecto anual/narrativa noutros niveis ademais de 2º, 4º e 6º de primaria.
- Manter a integración entre o PDI e a programación da área (cun PDI que o facilite)
- Continuar coa visibilización e uso da lingua galega e a súa promoción no alumnado coma lingua vehicular para todo contexto e posta en valor da mesma.
- Potenciar eidos artísticos diversos (teatro, radio, cinema, artes escénicas...).
- Continuar incrementando o número de recursos/experiencias educativas mediadas totalmente ou en parte polo audiovisual

creados pola docente.

- Promover a visibilización esporádica de traballos vencellados á area en recitais, obradoiros ou produtos audiovisuais.

27. Memoria Relixión Católica

27.1. Alumnado

O alumnado de Relixión de 4º de E.I. así como as novas incorporacións non atoparon dificultade coa asignatura, integráronse perfectamente ao centro e nivel que lles correspondía.

27.2. Desenvolvemento da programación

O período de tempo proposto para o desenvolvemento desta materia foi tanto en E.I. como en 1º de E.P. dunha sesión semanal.

Os obxectivos e estándares de aprendizaxe propostos foron acadados sen problema pola maioría do alumnado, agás unha pequena porcentaxe que presentou algunha deficiencia, debida fundamentalmente a problemas de asistencia e de falta de atención e concentración. O nivel de adquisición das competencias básicas desenvoltas tamén resultou moi positivo e a programación cumpriuse en liñas xerais, sen dificultades que destacar.

27.3. Metodoloxía e medios

En 1º de E.P. traballouse con material elaborado pola mestra complementado con audiovisuais, relatos bíblicos, proposta de actividades interactivas na aula virtual para tempos de corentena e bibliografía axeitada.

Nos cursos de E.I. proporcionei fichas de traballo acordes cos obxectivos destes niveis así como o visionado de curtos de video, lecturas de contos e relatos bíblicos adaptados, audicións de cancións, murais, fotos, refráns, poemas.

Durante o curso prestóuselle especial atención as festas de Nadal e Pascua, facendo diferentes actividades manuais: Beléns, , postais, ovos de Pascua ... adaptados a cada nivel educativo.

27.4. Avaliación

O número de aprobados é a totalidade do alumnado.

En canto a educación primaria: 2º, 3º, 4º, 5º y 6º cumpriron os obxetivos marcados na programación de relixión católica, acordes ás idades, etapas psico-evolutivas do alumnado, contidos etc.

Dende o punto de vista metodolóxico nestes cursos utilizaronse fundamentalmente o libro de texto, as tablets, cadernos de deberes axeitados ó proposto na programación de aula, material audiovisual, tamén leváronse a cabo dramatizacións na aula de aqueles textos con contidos en valores cristiáns etc.

En 5º e 6º cursos utilizouse, ademais, a plataforma E-DIXGAL. Mención especial merecen as celebracións do calendario litúrxico: Nadal, Pascua e o mes de maio adicado á Virxe María.

Polo que respecta á avaliación foi de carácter global e continua. O número de aprobados

É a totalidade do alumnado.

Como remate, podemos engadir que a asignatura de relixión católica pretende achegar o alumno ao misterio relixioso e a mensaxe evanxélica como un modo de comportamento cristiáns.

28. Memoria ANPA

28.1. Asociación

A Asociación de Nais e Pais (ANPA) do CEIP “Juana de Vega” é unha entidade sen ánimo de lucro á que poden asociarse voluntariamente as nais e pais que teñen fillos e fillas matriculados/as en dito centro educativo.

Segundo o Art. 27 da Constitución Española os pais e nais teñen dereito a participar na xestión e control dos centros sostidos con fondos públicos. Tamén a intervir na programación xeral do ensino.

A normativa referida ás nosas competencias está recollida nos Regulamentos Orgánicos dos Centros de Educación Primaria e Secundaria e nos nosos propios

Estatutos, que se derivan das leis e normas vixentes sobre asociacións.

A Asociación participa no funcionamento das actividades educativas do centro, xestionando, o servizo do comedor, o de madrugadores, e as actividades extraescolares e colabora co centro en distintas celebracións: Magosto, Nadal, Festa, Fin de curso...

Cargos de Representación da ANPA no curso 2022-2023

Xunta Directiva ata maio 2023:

Presidenta: Lucía Picado Barreiro

Secretaria: Ana Eltamcheh Pavón

Tesorero: Silvia María Martínez Miragaya

Vocal: Ana Lucía Martínez Gallego

Xunta Directiva dende maio 2023 (pendente de rexistro na administración):

Tras Asamblea Xeral de socios celebrada o día 15 de marzo de 2022, a Xunta

Vocal: Raúl Rama Viña

Vocal: Olalla Sieiro de Ceano-vivas

Vocal: Leticia Cuenca Rodríguez

Vocal: Elena Pajares Barbeito

Representantes:

En CEIP: Lucía Picado Barreiro

En Concello: Lucía Picado Barreiro

En Consello Escolar: Ana Lucía Martínez Gallego

Na comunicación con socios e co centro escolar: Lucía Picado Barreiro e Ana Lucía MARTÍNEZ Gallego. Subvencións do curso 2022/2023

Ao longo do actual curso se tramitaron e foron concedidas dúas subvencións á ANPA Nós Oleiros:

- Da Xunta de Galicia por importe de 13965,30 € destinada ó servizo de comedor

-Conforme à convocatoria de subvencións, para a promoción e difusión da cultura para o ano 2022 do Concello de Oleiros, a Anpa Nos ten otorgada una subvención de 4740,43 euros; (invertida en: festas de fin de curso, nadal, samaín, Entroido e magosto,etc.).

Comunicación e Difusión da actividade da ANPA Curso 2022/2023

- As canles utilizadas para facer visibles, comunicar e difundir a actividade da
- ANPA foron as seguintes:
- Facebook da ANPA: <https://es-es.facebook.com/ANPANosoleiros/>
- Instagram da ANPA: <https://www.instagram.com/ANPANosoleiros19/>
- Creación da paxina web do anpa, MIAMPA como nova fonte de difusión de información dende o curso 2022-2023:
- <https://anpanosoleiros.miampa.com/>
- Mailing a socios.
- Carteis informativos nas portas principais do colexio, pabillón, local ANPA, etc.

28.2. Comedor, mañanceiros e servizo de cambiadores

Comedor e servizo de madrugadores: está xestionado pola ANPA, conta cun servizo de catering prestado por Jardanay, empresa familiar de catering de ámbito local.

Este curso tamén se negociou o servizo de cambiadores, para as familias que o precisaran por conciliación familiar.

Comedor: servizo en horario de 14:00 a 16:00 horas, organizando despois da comida actividades lúdicas e de hixiene.

Madrugadores: de 7:30 a 9:00 con opción do almuerzo. Actividades lúdicas e de lecer.

Cambiadores: as familias que precisaran desde servizo podían contratalo coa empresa Jardanay, pagando unha cota fixa de 17€, máis un custe de 2,5€ por cada intervención.

Este curso dende a ANPA procedeuse a reunións periódicas coa empresa Jardanay para mellorar o servizo. Ampliouse unha monitora máis ni servizo.

Implantouse o hábito de hixiene dental, instaláronse colgadoiros de secado para os cepillos das nenas e nenos usuarios do servizo de comedor e mañanceiros. Mercáronse cepillos de dentes para todos os usuarios do servizo.

Realizouse unha obra dentro do comedor incorporando dous lavabos para os nenos e nenas de infantil. Estableceuse un protocolo un protocolo conxunto con empresa do uso do servizo. Solicitamos a empresa a formación das súas traballadoras no campo da educación en positivo.

Así como comprando unha camareira máis para máis axilidade no servizo.

Membros da Anpa tiveron unha reunión coa empresa e un grupo de Anpas da provincia da Coruña para potenciar os Eco-comedores.

28.3. Actividades extracolexivas

As actividades extraescolares xestionadas pola ANPA son aquelas que se realizan en horario non lectivo, organizadas dun xeito planificado para todo o curso.

Teñen carácter voluntario e non lucrativo. O Programa que se oferta cada curso inclúe actividades de tipo cultural, artístico, lúdico, deportivo..etc

Seguindo os principios educativos que rexen o CEIP “JUANA DE VEGA” ,as actividades extraescolares organizadas pola ANPA tamén queren contribuír a que as accións educativas favorezan ao máximo o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, rexida polos principios de integración, coeducación e respecto á diversidade. Preténdese que as actividades extraescolares contribúan a crear actitudes positivas baseadas en valores de respecto mútuo e de respecto co medio, tolerancia, solidariedade e non violencia.

Relación de actividades extraescolares

- 1-Judo, impartida pola escola de Judo Hércules.
- 2-Baile Moderno, impartido por Escuela de Danza SADANZA.
- 3-Fútbol, impartido polo Club Atlético San Pedro.
- 4- Hocke, impartido por Hockey Oleiros.
- 5- Multiactividade e Patinaxe, impartido por Serocio.
- 6- Natación, impartida na piscina municipal de Oleiros xestionada polo Concello de Oleiros.
- 7- Robótica, impartida pola empresa Robotix.
- 8- Balonmano, impartida polo clube Atlántico Balonman (durante o primeiro trimestre dentro do Plan Corresponsables da Xunta de Galicia).
- 9- Nosarte, impartido pola profesional Laura Isabel Gualda Cebrián.
- 10- Tenis, impartido polo Clube de Tenis de Oleiros, dentro do Plan Coresponsables da Xunta de Galicia.

28.4. Actividades xestionadas pola anpa con carácter puntual

Outubro:

- Volta solidaria ao cole pola leucemia. Colaborando ca ONG UNOENTRECIENMIL, organizamos unha andaina simbólica de carácter solidario, na que contamos ca participación de alumnado, profesores, pais, vecinos e mesmo representantes do Concello. Acadamos un total de 2080,06 euros que se ingresaron na conta da fundación Uno entre cien mil e serán destinados á investigación da leucemia infantil.

-Festa de magosto e samaín coa actuación Cé Orchesta Pantasma.

Decembro:

- Festa de Nadal para Infantil e primeiro ciclo de Primaria, merenda para os alumnos do cole ca visita de Papá Noel,
- Festa de nadal, animación contratada coa da empresa Trapalladas, para todos os cursos.
- Organización do campamento de Nadal na escola, xestionado por SerOcio.

Febreiro:

- Festa de entroido.
- Organización do campamento de Entroido na escola, xestionado por SerOcio.

Abril:

- Organización do campamento de Semana Santa na escola, xestionado por SerOcio.

Maio:

- Encontros co Autor, "Violeta Monreal".
- Organización do campamento "das letras galegas "na escola, xestionado por SerOcio.
- Colaboración nos diferentes obradoiros para a celebración do día das letras galegas, coordinando a participación das familias voluntarias.
- Obradoiro de técnicas de estudo para os nenos e nenas de 5º e 6º de primaria. Impartido pola pedagoga María Belén Pérez Sanmartín.
- Charla formativa para familias sobre Técnicas de estudo, impartida pola pedagoga María Belén Pérez Sanmartín.

Xuño:

- Obradoiro de técnicas de estudo para os nenos e nenas de 5º e 6º de primaria. Impartido pola pedagoga María Belén Pérez Sanmartín.

- Festa fin de curso Anpa: pintacaras ,taller de chapas e inchables a cargo da empresa “Fantasía Animación”.
- Organización do campamento de verán, de xuño a setembro, xestionado por SerOcio.
 - Participación o último día de clases no Festival NósFest, organizado polo centro , o 21 de Xuño de 2023, co pago da metade do importe do carrito de Xeados de Bio Factory para as nenas e nenos.

28.5. Outras actividades.

A ANPA Nós Oleiros colabora co concello de Oleiros en actividades e proxectos de diversa índole ó longo do curso:

- Colaboración cos Servicios Sociais nas becas de comedor e extraescolares para as familias máis necesitadas.
- Seguimento e colaboración na evolución dos menores becados de especial protección social mantendo total discrección e anonimato dos mesmos.
- Asistencia á presentación dos orzamentos anuais do Concello.
- Difusión de actividades lúdicas e deportivas do Concello.
- Reunións co concello para tratar diferentes temas en relación o noso centro, buscando puntos de colaboración mutua.

Colaboramos tamén coas actividades propias da escola e da biblioteca que así o requiren.


A Xunta Directiva

ANEXO: AVALIACIÓN EQUIPO RESPONSABLE

Avaliación xestión do centro I


O orzamento económico axustouse de maneira efectiva ás necesidades do centro.

22 respostas




Existiu claridade e transparencia na xestión dos recursos.

22 respostas



Garantiuse unha xestión económica correcta. Que se viu marcada pola necesidade do centro.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Ter un presuposto por aula faría máis equitativos os recursos económicos. Considero que houbo gastos innecesarios en mobiliario non homologado entre outros.
- Es imposible hacerlo mejor. Estos resultados no han sido fortuitos, son producto de acciones, mucho trabajo y esfuerzo. Con fuerza, entusiasmo y ardor.
- Reparto equilibrado dos recursos económicos e persoais
- Aínda quedan cousas pendentes: humanizar zona de recreo
- Axustar os horarios da avaliación ós fixados previamente. Cumplir o uso das tablets co alumnado de 3º e 4º se previamente se informou ás familias alumnado sobre o mesmo.
- Sempre hai que mellorar

Avaliación da xestión do centro II


Planificouse de maneira efectiva o mantemento das instalacións. Consequindo eficacia e rapidez de resposta na resolución de incidencias.

22 respostas




Foi efectiva a comunicación a través da plataforma para incidencias de mantemento.

22 respostas




Mellorou a limpeza do centro.

22 respostas




Foi efectiva a comunicación a través da plataforma para incidencias TIC.

22 respostas



Melloráronse as condicións, o confort e o funcionamento do centro.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Leváronse a cabo accións con intención de mellora que non solucionaron o seu propósito. Non se consideran as accións en profundidade antes de levalas a cabo chegando a non ter en conta as consecuencias negativas a este respecto. Hay aulas sen apenas mobiliario nas que o material dos nenos está polo chan...
- Mi opinión es que este equipo está tan ilusionado con su proyecto, que son mayores las probabilidades de que el resultado sea excelente. Así está siendo: excelente.
- É necesario continuar optimizando espacios.
- As mellorar , Aínda estando ben o presente , sempre hai que ter en conta

Avaliación da xestión do centro III


Inventiarouse todo o material existente.

22 respostas



Reflectiuse con claridade a cantidade e situación do material inventariable, para a súa posible utilización.

22 respostas




SUXERENCIAS

- No deixar de luchar por lo que queremos: el CEIP Juana de Vega. Confío absolutamente en la gestión de mi equipo
- Mayor control da impresora e fotocopias ...Mellor unha por ciclo.
- Siempre hay que mejorar lo mejorado

Avaliación da xestión do centro IV

O consumo de papel viuse reducido.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Falta de responsabilidade por parte do profesorado q non recolle as fotocopias que fai. Non se cuida o material.
- Tenemos que mejorar nosotr@s, l@s docentes. No es responsabilidad de nuestro equipo directivo. De hecho, ponen a nuestra disposición otros medios y recursos.
- Se desperdicia moito papel na impresora e fotocopias persoais e erróneas ...
- Penso que é responsabilidade dos titores e titoras cambiar o uso de papel. O non uso de libro non pode ser cambiado por cantidades de fotocopias que ademais despois se pegan no caderno.
- Aumentar as posibilidades de imprimir en color
- Se cadra , consumir menos , poñendo Unha chave para fotocopias .
- Non, gastouse moito papel na impresora de color, porque come os folios.

Avaliación da xestión do centro V


Os documentos elaborados están redactados de forma clara e útil.

22 respostas




Os documentos están expostos a disposición de toda a comunidade educativa.

22 respostas




Os documentos están debidamente publicitados para toda a comunidade educativa.

22 respostas



Os documentos están redactados nas dúas linguas oficiais de Galicia

22 respostas




SUXERENCIAS

- Hay transparencia, hay claridad, hay visibilidad, los comunicados son inmediatos y en ambas lenguas
- profesorado debería ler os documentos.
- Siempre es aceptable cualquier tipo de mejora

Avaliación a nivel ético e social I


Preocupación por coñecer o alumnado, as súas características e necesidades.

22 respostas




Aténdense de maneira efectiva as demandas do alumnado.

22 respostas



Os problemas de convivencia e conduta do alumnado xestiónanse de maneira efectiva.

22 respostas



SUXERENCIAS

- Levar a cabo o protocolo de convivencia axeitadamente non pasando por alto conductas contrarias á convivencia como si ocorreu este curso. Se falamos de ser un centro inclusivo, debemos ter en conta a


todo o alumnado, incluíndo as NEAE ás que a metodoloxía por áreas temáticas está prexudicando seriamente.

- Si me siento orgullosa de pertenecer a esta comunidad educativa es, precisamente, por el cuidado, prevención y preocupación por el alumnado.
- Valorar a educación emocional como fonte de bienestar individual
- É difícil coñecer todas as necesidades reais do alumnado, pero creo que houbo e hai moita vontade. No caso dos problemas de conduta creo que hai que reforzar ou recordar que hai mecanismos para non ter que chegar ás situacións que se deron este ano en quinto e sexto. Como partes, charlas dos titores e COAS familias.
- Todo o profesorado debe poñer interés en coñecer as características do alumnado con necesidades e adaptar as metodoloxías e materias empregados á diversidade do mesmo. O profesorado debe ter en conta a todo o alumnado e a súa diversidade para a realización das actividades do centro. O profesorado debe saber priorizar as necesidades da aula. O profesorado debe adaptar tamén a actividade lectiva á dispoñibilidade do DO.
- Hacer más hincapié en las conductas disruptivas.
- Tomar medidas más severas
- Non sería a mesma puntuación se o avaliado fose o D.O nao coñecemento do alumnado e na atención das demandas do profesorado

Avaliación ética e social II


A toma de decisións foi coherente e responsable.

22 respostas




As críticas construtivas son tomadas de maneira tolerante e autoreflexiva.

22 respostas




A dirección foi accesible e aberta ao diálogo, mantendo un fluxo aberto de comunicación onde as ideas e opinións foron escoitadas.

22 respostas



Se levan a cabo estratexias de diálogo manifestando actitude de escoita e aceptando a crítica construtiva.

22 respostas




SUXERENCIAS

-
- El diálogo, la discusión constructiva, el debate, la conversación, son la seña de identidad de este equipo.
- equipo de convivencia e departamento de orientación deberán exercer a súa función
- A toma de decisións ás veces creou a sensación de querer contentar a todo o mundo e nalgunhas situacións algunha das partes ten que perder . Eso no significa que sexa malo, só que non de pode escoitar ou contentar a todo mundo. Pois para parte do equipo esté ou non implicado deu sensación de falta toma de decisións, de incerteza e malos entendidos entre os membros dos equipos e ciclos.
- ED debe ter en conta as propostas e necesidades de TODO o profesorado do centro, incluído o DO.
- El diálogo debe ser siempre la actitud

Avaliación ética e social III


As estratexias de comunicación foron bidireccionales, escoitando a todos os sectores da comunidade.

22 respostas




Tendéronse en conta os diversos puntos de vista. A actitude foi tolerante respecto a a crítica construtiva.

22 respostas




Harmonizáronse as relacións persoais, desenvolvendo un comportamento equitativo para con todos/ as.

22 respostas




Propiciouse un clima de traballo idóneo no centro onde os retos foron compartidos e asumidos por todos/ as.

22 respostas




O trato foi amable e correcto, mostrando agradecemento e recoñecemento do esforzo dos demais.

22 respostas



Traballouse para mostrar interese polas diversas opinións, ideas e suxerencias de todos os sectores da comunidade.

22 respostas



SUXERENCIAS

- Que se teña en conta a opinión de todos, non sempre dos mesm@s
- Non se poden ter ideas contrarias ás ideas da dirección xa que non son tidas en conta. A dirección fala de revisar cuestións e non se levan a


cabo as consultas necesarias neste aspecto. Edixgal, áreas temáticas (que non son o mesmo que os ámbitos) ...

- No me cuesta nada dejar por escrito, que en el curso académico 2019-20, tuve un problema de salud muy grave, derivado todo lo contrario. Este curso académico me ha restablecido y me ha dado salud.20
- Necesidade de ser máis firme coas actitudes intolerantes dalgu has personas do claustro.
- claustro debe mostrarse mais respetuoso entre compañeiros e compañeiras sen facer distincións e sen impoñer función a que non lle corresponden a outros. O profesorado debe coñecer cales son as súas funcións e realizalas.
- Nunca existiu tan mal ambiente no colexio como agora
- Tolerancia y respeto.

Avaliación ética e social IV


Recoñeceuse e representado á comunidade educativa ante a Administración.

22 respostas




Impulsouse a colaboración coas diversas institucións e organismos da contorna.

22 respostas




Representouse ao centro ante a comunidade educativa.

22 respostas




Mantéñense relacións institucionais coa AMPA.

22 respostas




Mantense unha relación adecuada e efectiva coa administración.

22 respostas



Impulsose o desenvolvemento de proxectos institucionais.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Seguir está línea de cooperación.
- Sempre es importante mejorar lo mejorable.

Avaliación ética e social V

A planificación é sistemática, non casual nin espontánea.

22 respostas




SUXERENCIAS

- As actividades extraescolares non son nin discutidas nin debatidas... Son impostas. Se te negas a facer algo xa te tachan de "persoa que non quere traballar"... Aparecen actividades dun día para outro e non sinto a liberdade de negarme...
- El proyecto/ planificación está muy meditado, deliberado y consensuado.
- Pese a haber una planificación ou organización cando algún dos membros da comunidade educativa da a súa opinión sexa ou non acertada quérese modificar o planificado e ao final deronse situacións de falta de organización por querer escoitar a todo o mundo. Comoá hora de elaborar horarios de apoios ou actividades. Tamén de cara ás familias. Negociar ou comunicarse coas familias é o camiño correcto, pero ao final a decisión debe ser do equipo responsable ou dos membros do claustro gusten ou non ás familias
- Me parece adecuada su actuación.

Avaliación ética e social VI


A información tivo un trato correcto e nobre, respectando o dereito á intimidade de todos os membros da comunidade.

22 respostas



Tratouse de maneira persoal cada caso, evitando xuízos de valor.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Non hai boa comunicación. Mala organización das coordinacións ou case nula. As reunións non son eficaces. Inexistencia de CCPs. Pouco ou nulo debate sobre as actividades que se levan a cabo no centro
- Me considero afortunada porque sé que son sensibles a tod@s y a nuestras problemáticas.
- Nada que añadir.

Avaliación ética e social VII


As explicacións sobre as diversas directrices foron claras e concisas.

22 respostas




Utilizáronse mecanismos para eliminar os obstáculos que impiden ver as cousas con claridade.

22 respostas



Usáronse mecanismos de control.

22 respostas



SUXERENCIAS


- Traballar de cara a galería non é responsable. Omitir aspectos contradictorios á miña ideoloxía non é reponsable

- No entiendo " mecanismos de control " He marcado 1 por si el control tenía connotaciones negativas.
- Hai compañeros no claustro que impiden avanzar e crean mal ambiente...Non se debera de permitir.
- Nada que añadir.

Avaliación a nivel organizativo I


Planificouse a curto, medio e longo prazo.

22 respostas




Facilitáronse propostas e dotado de recursos para a realización das mesmas.

22 respostas




A planificación denota que se realizou en equipo.

22 respostas




A toma de decisións foi racional e meditada.

22 respostas




Tomáronse decisións considerando a decisión dos demais, acordando o resultado.

22 respostas




Promoveuse a innovación no centro.

22 respostas



Elabórase un manual do regulamento de funcionamento dos órganos de goberno, consensuado, claro e útil para o quefacer do centro.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Intentar ser innovador sen ter en conta a todo o alumnado e as consecuencias das novas metodoloxías experimentais nom é responsable. Os nenos nom son cobaias coas que experimentar. Somos individuos diferentes que precisan cousas diferentes para aprender. Privar ao alumnado dun referente como o titor non é reponsable.
- A innovación no centro debe ser racional con respecto á realidade do centro.
- Nada que añadir.

Avaliación a nivel organizativo II


Respectouse a autonomía no traballo das persoas implicadas sen angustiar, evitando así a desmotivación destas.

22 respostas




Coordinouse a execución das accións emprendidas.

22 respostas



Supervisouse achegando e non censurando ou coartando opinións

22 respostas




SUXERENCIAS

- Non se pode respectar a autonomía cando non hai liberdade pasra escoller disferentes en enriquecedoras metodoloxías. A metodoloxía quere impoñerse para "fabricar robots"
- Nunca me sentín coartada a dar a miña opinión sempre me sentín escoitada. Pero o clima de traballo está sendo complicado. Por mor de outras situacións nos equipos e membros do claustro. Así que indirectamente sinto unha tensión extra dende hai varias semanas. Seu que todos os cursos hai tensións nun ou noutro momento do curso, pero quizais por motivos tamén externos ao centro este curso estase convertendo en excesivamente tenso para mín.
- Proponse atender sus necesidades dos grupos de profesorado do DO. A convivencia no centro foi angustiada e desmotivante para determinados grupos de profesorado, como o DO.
- Nada que añadir

Avaliación a nivel organizativo III


Aplicáronse técnicas de recollida de información específica, útil e claramente medible.

22 respostas




Reguláronse os diversos fluxos de información para facilitar un informe de avaliación comprensible e substantivo.

22 respostas




Valoráronse os procesos e os resultados das actuacións levadas a cabo, en equipo, unha vez finalizadas.

22 respostas



Promoveuse a reflexión e o debate sobre os resultados.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Escasa coordinación para o intercambio de información
- Masy diálogo

Avaliación a nivel de implicación dos sectores da comunidade educativa I


Implicouse ao alumnado de maneira activa nas novas actividades propostas.

22 respostas




O alumnado sente satisfeito na realización das súas tarefas.

22 respostas



Recolléronse propostas de mellora suxeridas polo alumnado a través da caixa de suxerencias.

22 respostas




SUXERENCIAS

- Hai buzón de propostas? Tense en conta a TODO o alumnado? Omítese que non todo o mundo está de acordo coa metodoloxía do centro públicamente...
- Imparto Ciencias en el segundo ciclo y están encantad@s, familias y alumn@s. El equipo responsable me ha facilitado todas las iniciativas que he llevado a cabo. Visitas al aula y facilidades para las mismas.
- Se debe ter en conta a diversidade e necesidades do alumnado.
- El alumnado está contento con actividades lúdicas .

Avaliación a nivel de implicación dos sectores da comunidade educativa II


Contouse coa opinión e inquietudes das familias para a mellora do labor directivo

22 respostas




Fíxose participe ás nais e pais de maneira activa na organización e actuación de diversas actividades.

22 respostas




O ANPA foi participe de maneira directa no centro.

22 respostas



Leváronse a cabo as reunións programadas para a consecución dos obxectivos.

22 respostas




SUXERENCIAS

- La implicación de las familias tiene que ser efectiva .

Avaliación a nivel de implicación dos sectores da comunidade educativa III


Participou na formación de centro proposta.

22 respostas




Xurdiron innovacións na súa práctica docente.

22 respostas



Está aberto a seguir aprendendo para ensinar mellor.

22 respostas



SUXERENCIAS

- A diversidade metodolóxica dentro da liberdade de cátedra é un dereito....
- Simplemente, agradecer al equipo responsable su proyecto y pedir perdón por si he dicho o hecho algo inadecuado. Gracias por tanto y perdón por todo.
- Máis flexibilidades, respecto e empatía coas diferencias.P que non quería avanzar que non avance ..pero que non free años demáis!!!
- Aprender e implicarse deberá ser siempre un objetivo.